A finalidade fundamental de todas as materias do título é que o alumnado adquira as competencias propias do grao. O título establece con claridade as competencias últimas que ten que adquirir o alumnado ao finalizar os seus estudos. Neste

senso, a guía de titulación, formada polas guías docentes e que se revisan e elaboran anualmente, reflicten eses obxectivos, axustados en todo momento ao contido da Memoria do Grao. Se analizamos os ítems dos indicadores 78 e 74 das enquisas de satisfacción coa titulación de Grao en Dereito correspondentes ao curso 2013-2014 -referidos á satisfacción de profesorado e alumnado respectivamente en relación coa planificación e desenvolvemento do ensino- apréciase unha elevada satisfacción coa titulación -5.63 para o profesorado e 4.69 para o alumnado-. Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo a situación e similar posto que a satisfacción do profesado exprésase con 5.61 puntos e a do alumnado con 4.29

As competencias contidas na Memoria fixaron unha formación de carácter xeral, que deberá ser complementada posteriormente con estudos de posgrao. Neste senso cómpre salientar a implantación do Mestrado Universitario en Avogacía no curso 2012/2013, que se perfila como un complemento acaído ás necesidades de formación do alumnado de grao e, no caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, do Máster en Dereito de Empresa así como da reimplantación do Máster en Dirección e Xestión Laboral e outras ensinanzas de posgrao. Implantación dos catro cursos do grao e o deseño das guías docentes de cada materia en cada un dos cursos académicos, poñen de manifesto que os docentes se están a axustar, en termos xerais, a esas competencias.

A supervisión da elaboración das guías docentes, entendida non cun carácter fiscalizador senón de acompañamento e axuda ao docente durante o proceso de elaboración das guías, constitúe un dos instrumentos clave para cumprir coas competencias e obxectivos establecidos para a titulación. Neste sentido, debe avanzarse no perfeccionamento do proceso mediante a mellor identificación das competencias que van a ser avaliadas.

O proceso de elaboración das guías docentes é supervisado polo coordinador de Grao que, deste xeito, pasa a ser un garante de que nas devanditas guías se recollan debidamente as competencias definidas para o título e que deberán acadar os alumnos que aspiren á obter esta titulación.

Neste último sentido, considérase que o papel exercido polo coordinador de Grao é clave. Precisamente, para levar adecuadamente esta función, dende a coordinación do Grao en Dereito, estableceuse un proceso interno de elaboración das guías docentes que vén mellorar o que se viña realizando en anos anteriores.

No caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, o coordinador elaborou un documento con orientacións para a elaboración das guías docentes e dos cronogramas das materias que foi seguido polos coordinadores de materia.

Na Facultade de Dereito de Ourense, ademais do calendario de elaboración (esixido pola normativa da Universidade de Vigo) estableceuse un sistema de dobre revisión, normalizáronse os formularios nos que figuran as incidencias que deben ser corrixidas nas guías e habilitouse unha conta de correo ad hoc

Como xa se dixo anteriormente, a coordinación tamén debe de realizarse a través da Comisión conxunta das dúas Facultades e, para iso, contéplase a reunión da citada comisión para abordar estas tarefas.

Para acadar a consecución de competencias e obxectivos, implantáronse as seguintes normas de coordinación:

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e segundo a normativa interna de coordinación, implantáronse, a modo de ferramentas didácticas, os cronogramas de materias nos que cada profesor debe plasmar as tarefas a realizar, en especial as avaliacións planificadas.

Na Facultade de Dereito:

- Realízanse xuntanzas periódicas cos profesores responsables das materias

\* Solicítase os coordinadores de materias que elaboren un cronograma da materia na que cada profesor debe plasmar as tarefas a realizar

\* Elaborase un cronograma de actividades no que se plasmen as actividades avaliadas das distintas materias, que se publica na web do Centro

En relación coa definición de obxectivos e competencias, que deben plasmarse nas guías das materias e, consecuentemente, nas guías de titulación, e co obxecto de acadar unha maior coordinación entre a Facultade de Dereito e a Fac. CC.XX e do Traballo, no curso 2011-2012 deuse cumprimento ao establecido na páxina 36 da Memoria do Grao en

Dereito, que sinala: "Finalmente, dada la peculiaridad que presenta el Grado en Derecho en la Universidad de Vigo, al impartirse en dos centros ubicados en dos campus, también es necesario establecer mecanismos de coordinación docente entre ambos centros. A tal efecto, se constituirá una comisión de coordinación del grado en Derecho, constituida por los/las Decanos/as, los/las coordinadores/as de Grao (o Responsables de Titulación) y los/las coordinadores/as de curso de ambos centros, con el objetivo de evaluar y tomar decisiones sobre las incidencias o posibles discordancias que surjan entre un centro y otro en relación con el desarrollo de la docencia y las actividades formativas".

A elaboración das guías docentes ten unha periodicidade anual, de xeito que antes de que se abra o proceso de matrícula para o vindeiro curso, as guías docentes de cada materia son elaboradas polo coordinador de materia, correxidas polo coordinador de Grao, revisadas pola Comisión de Garantía Interna da Calidade aprobadas pola Xunta de Facultade e debidamente publicadas. Un dos criterios determinantes para que as guías sexan obxecto do informe favorable, sen reparos por parte do coordinador de Grao, é que se axusten debidamente ás competencias (tanto da titulación como da materia) establecidas na Memoria de Grao.

Hai que sinalar que no curso 2013-2014, levouse a cabo unha modificación da memoria do grao co obxecto de mellorar a adaptación das competencias da titulación e das materias as necesidades do alumnado. Ademais, realizouse unha adecuación dos contidos ás necesidades da sociedade e do entorno. Na Facultade de Dereito, para avaliar máis axeitadamente as competencias que os estudantes deben adquirir coa realización e defensa do Traballo Fin de Grao, a Comisión de Garantía da Calidade procedeu ao análise de propostas de mellora da materia Traballo Fin de Grao do Grao en Dereito co obxecto de reformular nestes traballos a extensión, a temática, o nivel de esixencia, etc. e mesmo a avaliación das competencias. Aprobouse en Comisión Permanente un acta provisoria e experimental para que a puidese utilizar voluntariamente o tribunal avaliador xa no curso 2013/2014 co fin de avaliar as distintas competencias que, segundo a memoria do título, o estudante debe adquirir e sen prexuízo dunha modificación máis rigorosa para o curso 2014/2015 mediante a modificación da Normativa do Traballo Fin de Grao

Ademais, na Facultade de Dereito, as enquisas realizadas ós estudantes e ó PDI durante o curso 2013/14, donde se especifica o grado de coñecemento e satisfacción dos distintos colectivos cos obxectivos xerais do Plan de Estudos, amosan os valores obtidos (sobre 7): 5,05 para os estudantes (4.47 en 2012/13) e de 5.65 (5.79 en 2012/13) para o PDI. Ambos valores consideranse satisfactorios. Respecto á accesibilidade das guías docentes e coherencia cos obxectivos do Plan de Estudos, os valores obtidos (sobre 7) foron de 5.36 para os estudantes (5.0 en 2012/13), considerados satisfactorios. Ó PDI

preguntóuselles acerca da adecuación dos mecanismos para a elaboración e diseño das guías docentes, con una resposta (sobre 7) de 5.52 (5,92 en 2012/13), e sobre a existencia de mecanismos de revisión anual dos obxectivos do título, obténdose un valor (sobre 7) de 5.87 (5.88 en 2012/13). Ambos valores se consideran igualmente satisfactorios.

Ademais, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, as enquisas realizadas ós estudantes e ó PDI durante o curso 2013/14, donde se especifica o grado de coñecemento e satisfacción dos distintos colectivos cos obxectivos xerais do Plan de Estudos, amosan os valores obtidos (sobre 7): para os estudantes 4.42 (4.12 en 2012/13) e de 5.42 (5,67 en 2012/13) para o PDI. Ambos valores consideranse satisfactorios.

Respecto á accesibilidade das guías docentes e coherencia cos obxectivos do Plan de Estudos, os valores obtidos (sobre 7) foron de 4.51 para os estudantes (4.02 en 2012/13), polo que poden ser considerados satisfactorios, .

Ó PDI preguntóuselles acerca da adecuación dos mecanismos para a elaboración e diseño das guías docentes, cunha resposta (sobre 7) de 5.50 (5,55 en 2012/13), e sobre a existencia de mecanismos de revisión anual dos obxectivos do título, obténdose un valor (sobre 7) de 4.89 (5.70 en 2012/13).

### **Buenas prácticas**

1. As competencias definidas na memoria de Grao son recollidas e publicadas na páxina web do centro.
2. Inicio dun proceso de revisión das competencias da titulación e de revisión da Memoria do Grao, seguindo as recomendacións da ACSUG no que se refire á redución do número das competencias.
3. Os coordinadores de Grao, nas distintas reunións de coordinación que manteñan co profesorado, fomentan a reflexión entre o profesorado responsable das diferentes materias respecto das competencias plasmadas nas guías docentes, co obxecto de que estas se axusten ás tarefas realizadas durante o curso académico e, xa que logo, sexan obxecto de

desenvolvemento efectivo. As modificacións introducidas no proceso de elaboración de guías docentes buscan asegurar que éstas se axusten exactamente, no que a competencias se refire, ao contido da memoria do Grao.

4. Na Facultade de Dereito a elaboración dun acta provisoria con carácter experimental que o tribunal avaliador do Traballo Fin de Grao voluntariamente a utilizase, se así o estimaba conveniente para facilitar a xustificación da súa cualificación avaliando axeitadamente as competencias que o estudante debe adquirir nesa materia.

5. A normativa do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo recolleu, no artigo 13, os criterios que determinan a puntuación e, entre os que se atopan, os informes dos titores, a metodoloxía seguida, a calidade da redacción, as conclusións acadadas, a exposición oral realizada, a capacidade de debate e de defensa argumental. Todo isto, coa finalidade de avaliar as competencias.

#### **Propuestas de mejora**

Convocar periodicamente e, polo menos, unha vez por curso académico a comisión de coordinación entre a Facultade de Dereito e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Fomentar que o profesorado identifique qué competencias se avalían nas distintas metodoloxías docentes reflectidas nas Guías das materias.

Na Facultade de Dereito, modificar a Normativa de Traballo Fin de Grao coa finalidade, entre outras, de incluír unha acta para que o tribunal avalíe axeitadamente as competencias que o estudante debe adquirir, segundo a ficha da memoria e, na medida do posible, implantar procedementos ou sistemáticas de avaliación da adquisición de competencias nas demais materias

#### **Breve descripción de las modificaciones**

Seguindo as recomendacións da ACSUG, iniciouse un proceso de revisión de cara á redución do número de competencias específicas que figuraban na Memoria de modiciación do Grao, todo isto de cara á súa acreditación

#### **Justificación de las modificaciones**

A redución de competencias específicas que incluiu na modificación da Memoria obedeceu á recomendación da ACSUG. De acordo co "Procedimiento para la solicitud de Modificaciones en los Títulos Verificados de Grado y Máster" da ACSUG cambios na redacción das competencias ou na mellora da súa estrutura para evitar solapamentos sen alterar os obxectivos da titulación, pódense someter ao proceso de modificación do título.

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

## Competencias / objetivos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Aprobar unha acta de avaliación do TFG para garantir a axeitada avaliación das competencias e fomentar sistemáticas de avaliación de competencias noutras materias

**Punto débil detectado**

Ausencia de procedementos ou sistemáticas de avaliación que garantan a adquisición de competencias no TFG e nas demais materias

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Comisión de Garantía de Calidade e Xunta de Facultade

**Objetivos específicos**

Fomentar que o profesorado identifique que competencias se avalían no TFG e nas distintas metodoloxías docentes reflectidas nas Guías das materias. Modificar a Normativa de Tránsito Fin de Grao coa finalidade, entre outras -reformular nestes traballos a extensión, a temática, o nivel de esixencia, etc. -, de incluír unha acta para que o tribunal avalíe axeitadamente as competencias que o estudante debe adquirir, segundo a ficha da memoria e, na medida do posible, implantar procedementos ou sistemáticas de avaliación da adquisición de competencias nas demais materias

**Actuaciones a desarrollar**

No curso 2013/2014 aprobouse en Comisión Permanente un acta provisoria e experimental para que a puidese utilizar voluntariamente o tribunal avaliador co fin de avaliar as distintas competencias que, segundo a memoria do título, o estudante debe adquirir e sen prexuízo dunha modificación máis rigorosa para o curso 2014/2015 mediante a elaboración dunha acta de avaliación do TFG, a súa revisión e validación pola CGC e a aprobación da mesma pola Xunta de Facultade.

**Periodo de ejecución**

Curso 2014/2015

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos / Facultade de Dereito

**Indicadores de ejecución**

Aprobación dunha acta provisoria e experimental durante o curso 2013-2014 que foi utilizada polo tribunal avaliador.

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

Pendente

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**



**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Competencias / objetivos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Reunión entre Facultade de Dereito e Fac. CC.XX.

**Punto débil detectado**

Escasas actuacións de coordinación

**Ámbito de aplicación**

Fac. CCXX Fac Dereito

**Responsable de su aplicación**

Decanatos Coordinadores

**Objetivos específicos**

Reunión da comisión de coordinación unha vez ao ano entre os coordinadores das titulacións

**Actuaciones a desarrollar**

Reunión da Comisión

**Periodo de ejecución**

14/15

**Recursos / financiamiento**

Centros

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Competencias / objetivos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**  
Interrelación cos axentes económicos e sociais

**Punto débil detectado**  
Ampliar o número e sectores con convenios

**Ámbito de aplicación**  
Fac. CCXX Fac Dereito

**Responsable de su aplicación**  
Decanatos

**Objetivos específicos**  
Subscribir e/ou executar convenios con outras institucións públicas e privadas: Fiscalía de Galicia, despachos de avogados, Parlamento de Galicia e Instituto Nacional da Seguridade Social.

**Actuaciones a desarrollar**  
Firma de convenios de colaboración con empresas e institucións

**Periodo de ejecución**  
Plurianual

**Recursos / financiamiento**  
Centros

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

## Competencias / objetivos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Revisión das competencias da titulación e reflexión co profesorado sobre a necesidade da súa implementación na docencia e a súa valoración nas probas de avaliación

**Punto débil detectado**

Cumprir coa recomendación da ACSUG sobre o número de competencias da titulación. Mellorar a avaliación das competencias que figuran nas guías docentes

**Ámbito de aplicación**

Titulación

**Responsable de su aplicación**

Xunta de Titulación Coordinadores de Grao

**Objetivos específicos**

Valoración das competencias e a súa simplificación. Avaliar as competencias

**Actuaciones a desarrollar**

Reunións de coordinación co profesorado

**Periodo de ejecución**

2015

**Recursos / financiamiento**

Decanatos

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

Modificación da Memoria Reflexión entre o profesorado

**Resultados obtenidos**

Aprobada a modificación da Memoria en 2014

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Competencias / objetivos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**  
Reunión entre Facultade de Dereito e Fac. CC.XX.

**Punto débil detectado**  
Escasas actuacións de coordinación

**Ámbito de aplicación**  
Facultad de Ciencias Jurídicas y del Trabajo

**Responsable de su aplicación**  
Decanatos; Coordinadores

**Objetivos específicos**  
Reunión da comisión de coordinación unha vez ao ano entre os coordinadores das titulacións

**Actuaciones a desarrollar**  
Reunión da Comisión

**Periodo de ejecución**  
2014/2015

**Recursos / financiamiento**  
Centros

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**



**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Competencias / objetivos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**  
Interrelación cos axentes económicos e sociais

**Punto débil detectado**  
Ampliar o número e sectores con convenios

**Ámbito de aplicación**  
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

**Responsable de su aplicación**  
Decanatos

**Objetivos específicos**  
Subscribir e/ou executar convenios con outras institucións públicas e privadas: Fiscalía de Galicia, despachos de avogados, Parlamento de Galicia e Instituto Nacional da Seguridade Social.

**Actuaciones a desarrollar**  
Firma de convenios de colaboración con empresas e institucións

**Periodo de ejecución**  
Plurianual

**Recursos / financiamiento**  
Centros

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Competencias / objetivos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**  
Reflexión sobre o TFG

**Punto débil detectado**  
Dificultade do alumnado para elaborar o traballo.

**Ámbito de aplicación**  
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

**Responsable de su aplicación**  
Comisión da TFG Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

**Objetivos específicos**  
Reflexionar sobre a avaliación do TFG en relación coa adquisición de competencias dacordo coa ficha da memoria.

**Actuaciones a desarrollar**  
Reunións co profesorado.

Modificación normativa

**Periodo de ejecución**

**Recursos / financiamiento**  
Centros

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**  
Modificación da normativa de TFG e actuacións de información

**Resultados obtenidos**

Aprobada a modificación da normativa no 2014

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Acceso y admisión de estudiantes" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y procedimientos de admisión" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Acceso y admisión de estudiantes. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

Os procedementos de acollida e orientación dos novos estudantes son importantes na medida en que permiten coñecer a institución, os seus requisitos de funcionamento e os seus servizos, a titulación, e o entorno académico no que se van a desenvolver os estudos. Os procedementos postos en marcha polo centro atenden a finalidade de dar información antes da matriculación, nos momentos iniciais de comezo dos estudos do grao así como durante a realización dos estudos.

O acceso á titulación rívese polo disposto no Real Decreto 1892/2008, de novembro e a súa modificación polo Real Decreto 558/2010, de 7 de maio, que regula as condicións para o acceso á ensinanza universitaria oficial de Grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas. Deste xeito contéplase a admisión de novo alumnado e de alumnado estranxeiro, sexa como visitante ou o abeiro dos programas de intercambio, así como a dirixida á homologación de títulos estranxeiros.

Nos cursos 2012-2013 e 2013-2014, que é o obxecto deste informe, estaba vixente a devandita normativa que, para o curso 2014-2015 foi obxecto de reforma polo Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño.

A Universidade de Vigo non esixe ningún requisito adicional e haberá que ter superadas as probas selectivas preceptivas ou estar en posesión dalgún título dos previstos na normativa aplicable. Así pois, a matrícula pode formalizarse en calquera

materia do plan de estudos sempre que non se incorra nalgún dos supostos de impedimento de matrícula establecidos nas normas de xestión académica, na normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013, en resolucións aclaratorias, nos plans de estudo e sen prexuízo das incompatibilidades de exame (materias chave) establecidas entre as distintas disciplinas.

Na páxina web de ámbalas dúas Facultades ofrécese información detallada sobre os estudos do Grao en Dereito. En concreto, en cumprimento do sinalado no informe correspondente ao curso 2010-2011, no caso da Facultade de Dereito procedeuse á inclusión dun enlace coa normativa da Universidade de Vigo referente ao recoñecemento de créditos para alumnos procedentes de outras Titulacións e, respecto da titulación do Grao en Dereito, mesmo do procedemento de adaptación dos estudos da Licenciatura en Dereito ao Grao en Dereito e dunha táboa de recoñecementos entre a Licenciatura en Dereito (titulación en proceso de extinción) e o Grao en Dereito que o substituíu.

Tamén a páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo inclúe un enlace á normativa, así como o recoñecemento de créditos entre os diferentes títulos existentes, tanto na actualidade como anteriormente, no centro. A información está dispoñible no enlace <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/alumnado/convalidaciones-automaticas/?lang=es>

Segundo a normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013, a matrícula non poderá superar o límite máximo establecido para cada caso e realizarase tendo en conta as incompatibilidades establecidas no seu plan de estudos. Así pois, pode realizarse tanto a tempo completo como a tempo parcial. Cando concorran circunstancias que impidan realizar os estudos a tempo completo, poderase solicitar simultaneamente á formalización da matrícula o cambio a tempo parcial sempre que se cumpran os requisitos esixidos na normativa de permanencia e progreso da Universidade de Vigo. A inmensa maioría das matriculacións realízanse a tempo completo no primeiro ano do Grao en Dereito o cal pon de manifesto que o perfil de ingreso é de xóvenes que queren iniciar os seus estudos universitarios.

Na Memoria para a Solicitud de Verificación do Grao recomendábase e, por suposto, sigue recomendándose, que os alumnos de novo ingreso opten na etapa educativa anterior á universitaria por unha formación orientada ás Ciencias Sociais e ás Humanidades, así como coñecementos básicos de matemáticas. Así mesmo, é recomendable que os alumnos teñan as inxedanzas xa mencionadas na citada Memoria: interese por descubrir e profundizar no marco xurídico, interese pola aprendizaxe autónoma, etc.

Esta cuestión expónse nas visitas realizadas aos distintos centros de educación secundaria do entorno xeográfico, así como nas visitas realizadas por alumnos bacharelato ás dúas Facultades, nas que os coordinadores expoñen a formación académica e as competencias transversais óptimas para iniciar con éxito os estudos xurídicos. Os procedementos mellorados deseñados pola Área de Apoio á docencia e Calidade inclúen o DO-0202 P1 anexo 1 "Plan de promoción do centro". A Facultade de Dereito actualizará o seu plan de promoción actual co obxectivo fundamental de dar a coñecer a Facultade de Dereito e as titulacións de Grao e Posgrao que nela se imparten e de ofrecerlles información directa a estudantes potenciais e a sociedade en xeral, acadar unha maior adecuación dos demandantes dos estudos de Dereito de Grao e Posgrao aos perfís definidos nas memorias dos títulos que se ofertan neste centro, e impulsar a internacionalización da Facultade de Dereito. Neste plan defíniranse as liñas de acción que se levarán a cabo para acadar os obxectivos sinalados, as persoas que colaborarán nestas accións, así como os criterios de seguimento para poder avaliar periodicamente os resultados logrados e poder establecer as accións de mellora que correspondan. O período de vixencia do plan será indefinido, sen prexuízo da actualización e a aprobación dun novo plan cando se considere oportuno pola existencia de cambios, novas necesidades, novos requisitos, debilidades detectadas... Esta duración indefinida non lle eximirá á Facultade da avaliación anual dos seus resultados.

Os datos de matrícula así o reflicten. No caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, o perfil de acceso dos estudantes do curso 2013-14 sinalan que, dos 103 que ingresan en primeiro curso, 77 proveñen do Bacharelato (LOE) da rama de Humanidades e de Ciencias Sociais e 3 máis da mesma rama do Bacharelato LOXSE e outros 3 de COU (LXE). A moita distancia seguen, 5 estudantes de Bacharelato da rama de Ciencia e Tecnoloxía. O resto de estudantes de ingreso son supostos illados e que non superan a unidade. Na Facultade de Dereito de Ourense o perfil de acceso dos estudantes do curso 2013-14 sinalan que, dos 80 que ingresan en primeiro curso, 52 proveñen do Bacharelato (LOE) da rama de Humanidades e de Ciencias Sociais e 4 máis da mesma rama do Bacharelato LOXSE e outros 2 de COU (LXE). A moita distancia seguen, 9 estudantes de Bacharelato da rama de Ciencia e Tecnoloxía, e 3 da rama de Administración: Administración e Finanzas. O resto de estudantes de ingreso son supostos illados e que non superan a unidade.

A definición deste perfil atópase no procedemento PC04 do documento de garantía da calidade das dúas Facultades e, tamén, se atopa visible para calquera alumno nas Guías Docentes, concretamente nas competencias da Titulación, publicadas na páxina web das dúas Facultades.

Apoio e orientación o alumnado unha vez matriculado

A Universidade de Vigo conta cunha serie de servizos que facilitan o apoio e a orientación dos alumnos unha vez matriculados para favorecer a adaptación á Universidade e aos estudos e metodoloxías que se empregan nela. Estes servizos publicítanse na páxina web da Universidade de Vigo.

Así mesmo, no "Curso Cero" ou "Xornada de acollida" (tanto no caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que se celebra dende o curso 2009-2010, como na Facultade de Dereito que se implantou no curso 2013-2014), que transcorre na primeira semana de inicio das clases, con tres obxectivos prioritarios: facilitar ao alumnado o cambio que sempre supón para as e os estudantes o tránsito da etapa de bacharelato ou formación profesional á universidade, presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito e darlle a coñecer os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade onde inician os seus estudos.

Ademais, na Facultade de Dereito de Ourense existen pantallas ubicadas en cada andar onde se ofrece información, nos primeiros días do curso, relativa a períodos de matrícula, celebración del curso cero, etc. Ademais, instaláronse uns paneis

ao lado dos ascensores e escaleiras onde se informa da situación das aulas, laboratorios, despachos, etc dentro de cada planta.

No caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo a situación é similar pois tanto no tótem do hall de entrada como nas pantallas situadas na conserxería do centro e no pasillo consta a información sobre horarios, distribución de aulas por curso e outras cuestións.

O alumnado de novo ingreso incorporase ó Plan de Acción Tutorial (PAT), no que participan voluntariamente varios profesores e profesoras de cada un dos Centros. No marco deste Plan, do que se informa nas páxinas web de ámbalas dúas facultades, se celebra unha reunión, no mes de Outubro na que cada titor informará sobre os plans de estudos, as saídas profesionais os principais servizos universitarios e as actividades de formación, culturais e deportivas coas que conta a Universidade. O longo do curso académico, o profesorado titor realizará un asesoramento do seu alumnado, sempre que este o solicite., Na Facultade de Dereito, a información do PAT encontrase dispoñible en <http://dereito.uvigo.es/alumnado/plan-accion-tutorial.html> e na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo está dispoñible no enlace: <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/oferta-academica/titulacions-de-grao/plan-de-accion-tutorial/?lang=es>

Os obxectivos que persigue o Plan de Acción Tutorial son:

- \* Establecer un sistema de información, orientación e canalización socio-educativo aos estudantes de novo ingreso mediante a asignación dun profesor-titor.
- \* Motivar unha participación activa do alumnado de novo ingreso nos distintos aspectos da vida universitaria.
- \* Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar.
- \* Mellorar a implicación dos estudantes na Xestión do Centro.
- \* Mellorar a satisfacción dos estudantes coa información recibida.
- \* Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.

Na Facultade de Dereito a Coordinadora elabora desde o curso 2013-2014, a petición da Comisión de garantía da calidade do centro, un informe final do PAT a fin de presentar unha valoración global das accións realizadas, analizar o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan de acción tutorial do curso seguinte. O devandito informe é obxecto de reflexión e análise pola Comisión de garantía de calidade.

A comunicación do alumnado co Equipo directivo do Centro en materia de información e orientación en aspectos académicos canalízase a través da Coordinadora do título e a través dos tutores do PAT, en caso de tratarse de estudantes de primeiro curso. Para o relacionado coa información e orientación sobre as prácticas externas acuden a persoa responsable de prácticas e respecto á mobilidade coa responsable de mobilidade no Centro.

Na Facultade de Dereito de Ourense, co obxectivo de incrementar a comunicación entre o alumnado e o equipo directivo do Centro en materia de información e orientación en aspectos académicos, realízanse reunións periódicas da Coordinadora de Grao e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as dos distintos cursos do Grao. Ademais, co obxectivo de poder orientar e coordinar as actividades dos alumnos en aspectos académicos, dende a Coordinación de Grao elaborase un calendario cuadrimestral para cada curso no que se recollen as principais actividades, probas, traballos, entregas a desenvolver en cada asignatura. Dito calendario está público na Web do centro.

Tamén na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo se realizan reunións periódicas do coordinador do grao cos alumnos e cos delegados de cada curso para coñecer o desenvolvemento dos estudos e da planificación do proceso de aprendizaxe, para resolver os posibles problemas que poden xurdir e para facer a oportuna orientación académica.

Igualmente, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ten unha titorización especial para o alumnado con necesidades especiais por razón de discapacidade física ou doutro carácter. No curso 2012-13 e 2013-14 está en marcha un procedemento de titorización cun alumno co síndrome de "Asperger" que consiste no seguimento e apoio ao estudo mediante a dirección dun profesor-titor e dous tutores-alumnos.

A finalidade é que o alumnado desfrute dun correcto aproveitamento do seu tempo para aumentar o rendemento e a súa integración nas Facultades e nos graos, así como nas distintas posibilidades que ofrece o grao.

Na Facultade de Dereito de Ourense, as enquisas realizadas aos estudantes e PDI durante o curso 2013/2014, sobre o grao de satisfacción destes colectivos coas accións de orientación reflicten os seguintes valores (sobre 7): 4,07 para os estudantes (4,32 en 2012/13) e 5,37 (4,74 en 2012/2014) para o PDI. Ambos valores se consideran satisfactorios.

Por outra banda, as enquisas realizadas aos estudantes durante o curso 2013/2014 sobre o grao de satisfacción deste colectivo co proceso de selección, admisión e matriculación amosan os seguintes resultados (sobre 7): 5,12 (4,8 en 2012/13), que se considera satisfactorio.

No caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo os resultados do curso 2013/2014 sinalan un 4.38 de grao de satisfacción co proceso de admisión en un 4.04 no coñecemento dos procedementos de admisión, polo que se trata dun nivel satisfactorio. Por outra parte, incrementan levemente os do curso anterior (4 e 3.86, respectivamente)

### **Buenas prácticas**

-Realízanse actuacións de difusión do Título de Grao nos centros educativos do entorno xeográfico durante os meses de febreiro, marzo e abril (apoiadas, no caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo nun vídeo explicativo tanto das instalacións da Facultade como do título de Grao en Dereito que se imparte na mesma). Tamén se reciben visitas, no caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, e, como logo se dirá, dos Institutos da cidade de Vigo e da súa área de influencia. Na Facultade de Dereito de Ourense realizáronse charlas divulgativas, relacionadas coas titulacións ofertadas, nos centros de secundaria durante o mes de maio de 2014.

Estas actividades enmárcanse no Plan de Captación aprobado polos dous equipos decanais. Nestas actividades de difusión explícaselle aos alumnos as competencias que deben posuír ou intentar adquirir para iniciar os estudos xurídicos.

-A Universidade e as Facultades participan en foros informativos para estudantes e en Feiras educativas nas que participan as Universidades.

-Ao comezo do período lectivo organízanse, nos dous centros, sesións informativas para os alumnos de nova matrícula coa finalidade de difundir contidos, responsables da docencia, e a existencia de tutores chamados a resolver os conflitos que poidan xurdir.

- Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo publicítase, na información académica da web, as validacións automáticas. A finais do curso 2012/2013 –Xunta de Facultade de 8 de xullo de 2013- foron aprobados os cadros de



validación/recoñecemento automático entre os graos que se imparten actualmente no centro e que veñen a sumarse aos aprobados para as titulacións xa extinguidas.

Así pois, na actualidade están aprobados os seguintes cadros de convalidacións automáticas:

- Diplomatura en Relacións Laborais a Licenciatura en Dereito
- Licenciatura en Dereito a Diplomatura en Relacións Laborais
- Grao en Dereito a Grao en Relacións Laborais
- Grao en Relacións Laborais a Grao en Dereito

De forma similar, na web da Facultade de Dereito publícase o procedemento de adaptación entre o título de Licenciado en Dereito (rama xeral) e o título de Graduado en Dereito (itinerario Dereito da Unión Europea/Dereito Xudicial), deseñado intentando xuntar a correspondencia lóxica entre contidos e competencias asociadas das materias dun e outro plan en consonancia coa filosofía derivada do sistema ECTS. O procedemento intentou ser flexible para facilitar o cambio do alumnado ao Grao en Dereito, para o cal se estableceu unha táboa de recoñecemento por materias entre as materias da Licenciatura que teñen recoñecemento en materias do Grao e dispúxose que aquelas que non teñen equivalencia con materias do Grao, foran recoñecidas como créditos optativos ata completar como máximo a carga de optatividade establecida (36 créditos), aínda que sen poder obter, neste caso, ningunha das mencións e do Grao en Dereito.

#### **Propuestas de mejora**

Na Facultade de Dereito de Ourense implantar no curso 2014/15 un "Curso 3.5" dirixido a informar aos alumnos de terceiro curso de Grao sobre as materias optativas de cuarto curso, o procedemento de preinscrición e matrícula das mesmas e as distintas mencións que poden obter, sobre aspectos xerais do TFG, sobre as prácticas externas curriculares e extracurriculares e a mobilidade para estudar ou facer prácticas no estranxeiro, sobre as bolsas de estudos...e sobre as posibilidades profesionais e formativas tras rematar os estudos de Grao.

En ambas facultades actualizar o Plan de promoción dos centros co obxectivo fundamental de dar a coñecer as titulacións de Grao e Posgrao que se imparten e de ofrecerlles información directa a estudantes potenciais e a sociedade en xeral, acadar unha maior adecuación dos demandantes dos estudos de Dereito de Grao e Posgrao aos perfiles definidos nas memorias dos títulos que se ofertan, e impulsar a internacionalización de ambas facultades.

Modificación do Plan de Acción tutorial, na Facultade de Dereito de Ourense, a fin de incluír as xornadas de acollida que xa se desenvolven e a xornada 3.5 e de modo que o profesorado tutor asesore o seu alumnado ao longo de todo o curso académico mediante a programación de, al menos, dous reunións anuais –unha inicial e outra de seguimento- a iniciativa do propio tutor co seu grupo de estudantes. Preténdese integrar nun único PAT do centro o PAT das distintas titulacións adscritas ao centro, garantir que o profesorado tutor asesore o seu alumnado ao longo de todo o curso académico mediante a programación de, al menos, dous reunións anuais a iniciativa do tutor e as que demanden individual o conxuntamente os estudantes, de actuacións de avaliación do grao de satisfacción e de actividades de formación, incluídas as xornadas de acollida para o alumnado de primeiro curso que xa se desenvolven e a xornada 3.5 para o estudiantado de terceiro que se desenvolverá a partir do curso 2014-2015, así como a, prever unha titorización complementaria a través de alumnado tutor e incluír actuacións de titorización nas Titulacións inmersas en procedementos de suspensión temporal ou extinción.

#### **Breve descripción de las modificaciones**

#### **Justificación de las modificaciones**

CursoCero.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Acceso y admisión de estudiantes. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Implantar un "Curso 3.5" dirixido aos alumnos de terceiro curso de Grao

**Punto débil detectado**

Falta de coñecemento suficiente de información de interese académico e profesional para alumnado de últimos cursos

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Equipo decanal

**Objetivos específicos**

Fundamentalmente facilitar ao alumnado o cambio que sempre supón para as e os estudantes o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de máster –facilitarlles, en definitiva, a incorporación laboral, o desenvolvemento profesional ou, no seu caso, a continuidade da súa formación universitaria, en cumprimento do artigo 8.e) do Estatuto de Estudante Universitario- e presentar ao alumnado dos últimos cursos información de seu interese académico –en relación co traballo fin de grao, a optatividade e as mencións, as prácticas curriculares e extracurriculares, a mobilidade, as bolsas de estudos...-.

**Actuaciones a desarrollar**

Inclusión no PAT do centro do curso 3.5. Ao comezo do segundo cuadrimestre desenvolverase o Curso 3.5 para estudantes de terceiro de Grao. Os membros do equipo decanal do centro, incluídos os/as Coordinadores/as das materias Traballo Fin de Grao e Prácticas Externas e os/as Coordinador/a de Grao e de Relacións Internacionais, presentaranlle ao estudantado destinatario información relativa ao traballos fin de grao o ao regulamento para a súa elaboración, á optatividade e á estrutura en Mencións ou Itinerarios -Mención en Dereito Xudicial e Mención en Unión Europea e desenvolvemento sostible -, aos requisitos para obter a Mención, á preinscrición e ao procedemento de asignación das materias optativas, á organización da materia optativa Prácticas Externas e á normativa de prácticas externas curriculares dos estudos de Grao, especialmente ás entidades externas colaboradoras e ao procedemento de asignación de alumnos ás devanditas entidades, ás saídas profesionais da titulación de Grao en Dereito e ás titulación de máster impartidas na Facultade, ás prácticas extracurriculares, á mobilidade para estudar ou facer prácticas no estranxeiro, ás bolsas de estudos... Preséntase a web do centro como a canle de información pública fundamental das principais unidades e servizos. Poderán intervir tamén persoal da biblioteca, FUVI, OFOE, ORI, Área de Voluntariado da Universidade de Vigo...

**Periodo de ejecución**

Segundo cuadrimestre curso 2014-2015

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos Facultade e Universidade de Vigo

## **Indicadores de ejecución**

Aprobación na reunión da Xunta de Facultade de 17 de outubro de 2014 do PAT da Facultade de Dereito, no que se inclúe a celebración do Curso 3.5, segundo a proposta realizada pola Comisión de Garantía da Calidade do centro.

## **Objetivos**

Facilitar información de interese académico e profesional para alumnado de últimos cursos demandada polos representantes do alumnado nas reunións mantidas coa Coordinadora de Grao no curso 2013-24

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

## **Nivel de cumplimiento**

## **Resultados obtenidos**

## **Grado de satisfacción**

## **Acciones correctoras a desarrollar**

PAT Anexo\_1-DO0203\_P1\_240413\_revisado.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Aceso y admisión de estudantes. Plan de mejora

**Denominación de la proposta**

Actualizar o Plan de promoción do centro

**Punto débil detectado**

Ausencia de promoción suficiente ante potenciais estudantes e a sociedade en xeral

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Comisión de Garantía de Calidade, equipo decanal, Xunta de Facultade

**Objetivos específicos**

Dar a coñecer a Facultade de Dereito e as titulacións de Grao e Posgrao que nela se imparten e de ofrecerlles información directa a estudantes potenciais e a sociedade en xeral, acadar unha maior adecuación dos demandantes dos estudos de Dereito de Grao e Posgrao aos perfíles definidos nas memorias dos títulos que se ofertan neste centro, e impulsar a internacionalización da Facultade de Dereito

**Actuaciones a desenvolver**

Definir as liñas de acción que se levarán a cabo para acadar os obxectivos sinalados, as persoas que colaborarán nestas accións, así como os criterios de seguimento para poder avaliar periodicamente os resultados logrados e poder establecer as accións de mellora que correspondan

**Periodo de execución**

Primeiro trimestre do curso 2014-2015

**Recursos / financiamento**

Recursos humanos e económicos Facultade e Universidade de Vigo

**Indicadores de execución**

Esas horas téñense que restar necesariamente á investigación e impiden ao docente en moitas ocasións a consecución de sexenios de investigación que, a xeito de círculo vicioso, lle grava novamente cun aumento de horas de docencia que lle resta tempo para a investigación. Dende a Facultade de Dereito, tanto os sucesivos equipos decanais coma a Xunta de Facultade e as súas comisións delegadas e o profesorado do centro, foron sempre especialmente sensibles e proactivos con eses temas. Mesmo o foi a Comisión de Garantía da Calidade dende a súa propia constitución en relación coa necesidade de recoñecer o PDI que colabora en tarefas de xestión desgravacións docentes ou recoñecementos en POD. Unha axeitada implantación do plan de estudos esixe profesorado especialista nas súas áreas de coñecemento, non na xestión universitaria. O mesmo pode dicirse en relación coa aprobación de Informes de resultados anuais do centro, da análise dos resultados de satisfacción das titulacións oficiais, da análise de queixas e suxestións -aínda que non se recolleu ningunha queixa escrita en materia de políticas de persoal- ou das reflexións e resultados recollidos nos informes anuais de seguimento. Con todo, e sen prexuízo de que si aparezan reflectidos nos documentos analizados, as actas destas reunións non son o suficientemente precisas como para recoller todos e cada un dos aspectos tratados en relación con estes puntos.

Tamén debe facerse notar que resulta necesario continuar co proceso de incorporación de doutores á docencia, e de que sexa a tempo completo, así como non frear o proceso de funcionarización do persoal laboral fixo e, tamén, de promoción de persoal funcionario. A estabilidade e a promoción son un dos instrumentos que permiten contar cunha docencia de calidade.

No curso académico 2013-2014, na FACULTADE DE DEREITO DO CAMPUS DE OURENSE, a plantilla de profesorado encargada de impartir docencia presentou a seguinte estrutura básica:

#### CATEGORÍA PROFESIONAL:

Catedráticos/as de Universidade: 2

Catedráticos/as de Escola Universitaria: 1

Profesores/as titulares de Universidade: 10

Profesores/as titulares de Escola Universitaria: 1

Profesores/as Contratados/as Doutores/as: 10

Axudantes doutores/as: 2

Profesores/as asociados/as: 13

Personal investigador predoctoral: 1

TOTAL DE PROFESORES: 40

TOTAL DE PROFESORES CON TITULACIÓN DE DOUTOR: 24

TOTAL DE PROFESORES CON ADICACIÓN A TEMPO COMPLETO: 24

TOTAL DE PROFESORES CON ADICACIÓN A TEMPO PARCIAL: 13

TOTAL DE PROFESORES CON VINCULACIÓN PERMANENTE: 24 (14 funcionarios e 10 laborais)

TOTAL DE PROFESORES CON VINCULACIÓN NON PERMANENTE: 16

Debe, xa que logo, destacarse a elevada porcentaxe de doutores:

-% de docentes doutores no curso 2010-2011: 61,5 %

-% de docentes doutores no curso 2011-2012: 68,4 %

-% de docentes doutores no curso 2012-2013: 58,53%

- % de docentes doutores no curso 2013-2014: 62,5%

Tamén debe destacarse que unha persoa, que ten concedida a acreditación de Profesor Titular de Universidade pola ANECA, ten paralizada a transformación da súa praza como resultado da aplicación da normativa estatal e das instrucións do Ministerio de Facenda. A mesma situación se reproduce con dou profesores titulares que están acreditados para Catedrático de Universidade e que teñen bloqueada a súa promoción.

O PDI do centro está adscrito a tres departamentos que teñen a súa sede no Campus de Vigo, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo o que, en ocasións, dificulta a xestión do centro, que debe actuar en coordinación cos departamentos, especialmente cando se elaboran a PDA e o POD ou concédense permisos ao profesorado, co obxecto de garantir unha axeitada cobertura das necesidades do servizo e o cumprimento das obrigas docentes do profesorado.

O persoal de administración e servizos da Facultade de Dereito componse polo Administrador do Campus Sur (compartido coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e coa Área de servizos á comunidade), a Secretaria do Decanato, a responsable de asuntos económicos, o persoal da Secretaría de Alumnado (a Xefa de Administración e dous administrativos postos base), os seis con categoría de funcionarios, e o persoal de conserxería (compartido tamén coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e distribuídos en dous turnos de traballo), composto pola Conserxe e seis auxiliares de servizo, todos eles persoal laboral.

Completan a relación de recursos humanos dispoñibles na Facultade os bolseiros encargados a tempo parcial da aula de informática e dous bolseiros que colaboran en labores de calidade da Facultade a tempo parcial durante parte do curso académico.

No curso académico 2013-2014 na FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DO CAMPUS DE VIGO, a plantilla de profesorado encargada de impartir docencia presenta a seguinte estrutura básica:

CATEGORÍA PROFESIONAL:

Catedráticos/as de Universidade: 5

Profesores/as titulares de Universidade: 14

Profesores/as titulares de Escola Universitaria: 5

Profesores/as Contratados/as Doutores/as: 9

Profesores/as interinos:

Axudantes doutores/as: 2

Profesores/as asociados/as: 20

Profesor visitante: 2

TOTAL DE PROFESORES: 57

TOTAL DE PROFESORES CON TITULACIÓN DE DOUTOR: 32

TOTAL DE PROFESORES CON ADICACIÓN A TEMPO COMPLETO: 36

TOTAL DE PROFESORES CON ADICACIÓN A TEMPO PARCIAL: 20

EXTERNOS: 2

TOTAL DE PROFESORES CON VINCULACIÓN PERMANENTE: 33 (catedráticos, titulares de universidade, titulares de escola universitaria e contratados doutores).

TOTAL DE PROFESORES CON VINCULACIÓN NON PERMANENTE: 26

O personal de administración e servizos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo está composto por:

Xefa de negociado de Asuntos Xerais (con categoría de funcionario).

A Conserxería: dous auxiliares de servizos por turnos distribuídos en dous turnos de traballo.

A Secretaría de Alumnado: O servizo de secretaría da facultade está composto por unha xefa de área académica con categoría de funcionario, unha xefa de asuntos xerais e dous postos base. Sería deseable unha maior dotación de persoal para unha adecuada xestión de todas as titulacións.

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo consta de 3 departamentos, que dispoñen dun secretario por cada departamento con la categoría de funcionario, debendo ter en conta que un dos secretarios comparte funcións dun departamento vinculado directamente coa facultade e outro vinculado á Facultade de Traducción e Interpretación.

Becarios dependentes da Reitoría, a tempo parcial, e desempeñando a función de apertura e control do aula de informática (4 becarios) e a labores de calidade da Facultade (1 becario a tempo parcial).

Debe destacarse que tres persoas, que teñen concedida a acreditación de Profesor Titular de Universidade pola ANECA, teñen paralizada a transformación das súas plazas como resultado da aplicación da normativa estatal e das instrucións do Ministerio de Facenda. Do mesmo xeito, esta situación de paralización se traslada a outras dúas plazas de contratado doutor.

- A implantación do cuarto curso do grao en dereito e a extinción da Licenciatura en dereito, implicou un reaxuste na plantilla e nas categorías profesionais.

- % de docentes doutores no curso 2010-2011: 55%

- % de docentes doutores no curso 2011-2012: 66,7%

- % de docentes doutores no curso 2012-2013: 57.14 %

Deste xeito, máis da metade do profesorado ostenta o título de doutor o que implica unha maior calidade docente engadida á dedicación a tempo completo de todo este profesorado. Existe unha elevada porcentaxe de doutores que imparten docencia. No curso 2012-2013, unha docente acadou o grao de Doutor en Dereito aínda que sigue en situación de persoal laboral sen vinculación permanente. Tamén hai que destacar que outro investigador, adscrito a programas de investigación, defendeu a súa tese e alcanzou o grado de Doutor .

O persoal académico con responsabilidades docentes nos dous centros presenta unha destacada experiencia docente e investigadora, como reflexan os quinquenios e sexenios acreditados (na facultade de ciencia xurídicas computanse 76 quinquenios e 28 sexenios), así como os resultados positivos obtidos nas enquisas de avaliación realizadas.

O procedemento de selección do Persoal de Administración e Servizos efectúase a través de Xerencia e o Servizo de Persoal e Administración de Servizos da Universidade de Vigo, mediante un proceso de selección que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade. Os equipos decanais, xa que logo, non ostentan competencias en materia de selección do devandito persoal. Non obstante, este proceso está freado dende 2011, igual que a contratación de profesorado, por mor das limitacións orzamentarias. Tamén debe destacarse que tan necesaria como a contratación de personal de administración é a reordenación da actual relación de postos de traballo existente. Pódense reproducir ao respecto as reflexións realizadas respecto a Facultade de Dereito en relación coa implantación dos procedementos de PDI do Sistema de Garantía Interno da Calidade, que tamén afectan á política do persoal de administración e servizos.

A modo de reflexión conxunta para os dous centros, debe destacarse que o persoal académico con responsabilidades docentes nas dúas Facultades presenta unha destacada experiencia docente e investigadora como reflicten os quinquenios e sexenios acreditados así como os resultados positivos obtidos nas enquisas de avaliación realizadas.

Tamén en materia de Captación, Selección e Formación do PDI e PAS as competencias dos centros son moi limitadas. Os centros elaboran e aproban a súa Planificación Docente Anual (PDA), atendendo á bolsa de horas que lle recoñece o Reitorado e ás materias e grupos nos que ten que impartir docencia. Son os Departamentos os que establecen as necesidades adicionais de profesorado, se as hai, mediante a elaboración do Plan de Organización Docente (POD). Estas necesidades comunícanse ao Vicerreitor de Profesorado que, se o considera oportuno, atendendo á política de profesorado, propón en Consello de Goberno a asignación de novo profesorado, indicando categoría e dedicación. Se se aproba a asignación e, coa conformidade do Departamento, se propón ao Consello de Goberno a concesión da praza. A Facultade de Dereito de Ourense e a Comisión de Garantía de Calidade consideran que a política de PDI do Centro debe garantir que sexan profesores especialistas na Área de coñecemento os que impartan docencia nas materias e materias relacionadas con estas. E en relación co PAS, tamén en reiteradas ocasións dende o centro se insistiu ante os órganos de Gberno competentes da Universidade, e a Xerencia en particular, na necesidade de persoal de administración e servizos que apoie de forma efectiva e real ás titulacións, así como, particularmente, en asuntos relacionados coa calidade e coa implantación do SGIC no centro -redacción de procedementos, formularios, recollida de evidencias, recollida e análise de datos...-.

Xa en materia específica de formación, é competente o Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado, que elabora periodicamente o Plan de Formación Permanente do Profesorado. Con todo, a Comisión de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito, segundo o procedemento PA05, pode detectar necesidades de formación no seu persoal académico, por carencias identificadas ou por modificacións en plans de estudo, asignación de novas titulacións..., debendo poñelas en coñecemento do vicerrectorado competente para que as inclúa no plan de formación correspondente. O certo é que os cursos de formación que se ofrecen dende o vicerrectorado non adestran nunha disciplina xurídica concreta senón que son cursos máis orientados a aspectos trasversales da formación universitaria, cun público destinatario moi diverso. Si se realizaron puntualmente actividades formativas/divulgativas específicas para profesorado da Facultade de Dereito que o equipo de goberno consideraba de interese, aínda que tamén para aspectos trasversales -powerpoint, teledocencia, manexo de redes sociais... -. Normalmente, tras detectar carencias ou a previa petición de profesores interesados.

O proceso de formación do profesorado debe continuar, mediante accións formativas organizadas polos servizos centrais ou polos centros, para incrementar os resultados docentes. Do mesmo xeito, o emprego das publicacións institucionais dos centros debe servir para divulgar os estudos do seu profesorado e dos investigadores doutras universidades ou institucións cos que se teña contacto investigador.

## 2) Publicidade e accesibilidade aos datos do profesorado:

Nas páxinas webs das Facultades de Dereito de Ourense, e Ciencias Xurídicas e do Traballo no apartado rubricado "profesorado" figuran, agrupados por área de coñecemento e/ou materia, os profesores encargados de impartir docencia no centro. Respecto dos mesmos, sinalase a súa categoría profesional, os seus datos de contacto (teléfono e correo electrónico), así como o lugar e horarios de titorías.

En todo caso, debe continuarse no proceso de dar coñecemento aos sectores interesados, e á sociedade en xeral, do profesorado das diversas materias e das súas liñas curriculares básicas. A ferramenta fundamental deben ser as distintas webs dos centros.

Adecuación do profesorado e persoal de apoio dipoñible ao Plan de Estudos

Procedemento de revisión periódica da adecuación do profesorado e persoal de apoio á ensinanza do Grao en Dereito: Posto que as facultades non teñen competencias para revisar a adecuación do PDI e do PAS as ensanzas do Grao, non existe na actualidade ningún procedemento de revisión periódica da adecuación do profesorado e do persoal de apoio ás ensanzas do Grao en Dereito. Con todo, poderían reproducirse neste apartado as reflexións feitas en relación coa implantación do SGIC e as iniciativas propostas e/ou suxestións realizadas polos equipos de goberno dos centros.

Destacar que nas enquisas realizadas ós estudantes, onde se especifica o grado de satisfacción dos distintos colectivos co PAS, o valor obtido (sobre 7) para o Grado de Dereito foi de Facultade de Dereito: 5,11 no curso 2013/14 (4.92 en 2012/13).

Respecto á satisfacción dos estudantes co PDI, os estudantes valoran (sobre 5):

Facultade de Dereito: 3,67 no curso 2013/14 sendo igual ó do curso 2012/13.

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo o grao de satisfacción do profesorado é axeitado e se sitúa nun 5.83 no curso 2012/2013 dun 5.88 no curso 2013/2014, destacando a satisfacción coas plataformas e demais recursos informáticas (6.21), os servizos externos (cafetería, reprografía, comedores) que acadan un 6.16, así como as aulas e instalacións (5.84)

Todos os resultados se consideran satisfactorios.

### **Buenas prácticas**

Ambas as dúas Facultades afondaron no curso 2013-2014, na implementación de boas prácticas, destinadas, como en anteriores ocasións, a tres cometidos: facilitar o desempeño das funcións docentes, facilitar o desenvolvemento de actividades de investigación e de transferencia do coñecemento (e, xa que logo, mellorar o nivel da docencia impartida e en última instancia os coñecementos dos alumnos) e impulsar a estabilización e a carreira académica dos docentes.

Boas prácticas para outorgar visibilidade aos recursos humanos dos Centros:

Ámbalas dúas Facultades, en cumprimento do compromiso adquirido no Informe de Seguimento correspondente ao curso 2010-2011, procederon á inclusión, na páxina web do Centro, dunha referencia á categoría e adicación do persoal docente.

Boas prácticas para outorgar visibilidade aos recursos humanos dos centros:

A Facultade de Dereito facilitou a publicación na súa páxina web, reformada no curso 2013-2014 en cumprimento dos compromisos asumidos no marco do Informe de Seguimento correspondente ao curso 2010-2011, do curriculum académico e investigador do profesorado e proporcionou a posibilidade de creación de webs persoais para o profesorado de centro interesado. Curriculum e webs persoais do profesorado son facilmente accesibles a través de enlaces nos datos do profesorado respectivo do centro na web da Facultade.

Boas prácticas para facilitar o desempeño das funcións docentes:

1ª. No curso 2013-2014, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ofertou actividades de formación en metodoloxías docentes adaptadas ao EEES e novas tecnoloxías.

2ª. Conscientes da relevancia das tarefas de coordinación, tanto horizontal como vertical, a efectos de asesoramento do profesorado implicado na docencia en grao, procédese á:

-Aplicación das respectivas normativas internas de coordinación dos graos ("Procedemento para a coordinación da docencia e a titoría do Alumnado na Facultade de Dereito de Ourense" e "Normativa Interna de Coordinación de Titulación de Grao" da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo).

-Difusión, por parte do Coordinador de Grao fundamentalmente, das metodoloxías docentes a empregar no marco dos Estudos adaptados ao EEES.

-Asesoramento, dirixido polos Coordinadores de Grao, fundamentalmente, no emprego de ferramentas informáticas de aplicación na Universidade de Vigo respecto dos Estudos adaptados ao EEES: sesións informativas, dirixidas ao

profesorado implicado, sobre a plataforma “Docnet” –que permite a elaboración de guías docentes-.

Boas prácticas para facilitar o desenvolvemento de actividades de investigación e transferencia do coñecemento (e, xa que logo, mellorar o nivel da docencia impartida e en última instancia os coñecementos dos alumnos):

1ª. Colaboración, mediante a cesión de espazos e outros recursos, coas distintas áreas de coñecemento na organización de actividades de divulgación científica: organización de xornadas, seminarios, presentación de obras científicas, etc.

2ª. En concreto, procede salientar:

- No caso da Facultade de Dereito de Ourense, a contribución á publicación de artigos científicos mediante a edición, en colaboración coa Deputación Provincial, do Anuario da Facultade de Dereito de Ourense.

-No caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, a realización no curso académico 2012-2013 e 2013-2014 (do mesmo xeito que no curso académico precedente) dunha xornada sobre as profesións xurídico-sociais e a súa contribución ao desenvolvemento da Sociedade

Tamén se aprobou a creación dunha revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para darlle difusión aos traballos de investigación do profesorado do centro e para captar traballos de investigadores alleos. O primeiro número desta revista viu a luz en 2014. Trátase dunha publicación dixital que cumpre 29 criterios Latindex e que conta coa participación de investigadores nacionais e estranxeiros.

Boas prácticas para impulsar a estabilización e carreira académica dos docentes:

Na Facultade de Dereito de Ourense, no curso 2013-2014, deuse continuidade ás medidas xa implementadas en cursos anteriores:

1ª. Consideración, na medida das posibilidades, das necesidades investigadoras do profesorado mediante consulta de preferencias a efectos de elaboración de horarios (vid. Procedemento de elaboración de horarios aprobado en Xunta de Facultade de 19 de xullo de 2011).

2ª. Solicitude perante a Reitoría e correlativo aumento de grupos tendo en conta, no seu caso, o número definitivo de alumnos matriculados.

3ª. Mellora de instalacións e renovación de equipamentos informáticos para facilitar o desenvolvemento das tarefas investigadoras.

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo continúaase coa política de facilitar a conciliación da vida persoal e laboral no momento de realizar os horarios de docencia e, para iso, celebráanse as oportunas reunións de planificación e distribución da docencia. Tamén se teñen en conta as necesidades docentes, investigadoras e de conciliación con outras tarefas do profesorado da Facultade.

Tamén hai que salientar o papel activo do Decanato, na medida en que non ten competencias específicas, de solicitar á Reitoría prazas de profesorado para determinadas materias, así como a previsión de grupos adicionais e reducidos.

### **Propuestas de mejora**

Para outorgar visibilidade aos recursos humanos dos Centros:

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo volverá a instar aos departamentos a que publiquen na súa páxina web a experiencia docente e as áreas da súa especialidade investigadora e de transferencia de coñecemento. O Departamento de Dereito Público Especial xa incorporou as liñas de investigación á súa páxina web, quedando pendentes de facelo o Departamento de Dereito Público, que xa inclúe a relación de profesorado por área de coñecemento así como as materias da súa responsabilidade, e o Departamento de Dereito Privado que non ten páxina web.

Para facilitar a formación pedagóxica e o desempeño das funcións docentes:

Realizaranse actividades de divulgación das metodoloxías e obxectivos dos Estudos adaptados ao EEES, fundamentalmente dirixidas aos docentes.

Para Impulsar o desenvolvemento de actividades de investigación e transferencia do coñecemento:

No curso 2014-2015, continuarase na senda de colaboración coas áreas de coñecemento na organización de actividades de divulgación científica.

Na Facultade de Dereito de Ourense someterase a revisión a estratexia da Facultade en canto a xestión de publicacións periódicas. Os esforzos centraranse en deseñar unha nova publicación científica on-line, ben sobre a base do Anuario (publicación de carácter xeralista cuxa continuidade ou -se é o caso- transformación hai que someter a reflexión, debido ao seu irrelevante impacto académico, máxime no actual contexto universitario e editorial), ben sobre a base dunha nova revista especializada mais de amplo espectro) próxima ao Campus da Auga, para aproveitar sinerxías xeradas e avanzar na liña de especialización por Campus fomentada dende a nosa Universidade e dende a Xunta de Galicia

Para favorecer a adecuación de persoal dispoñible ao Plan de Estudos, na Facultade de Dereito:

En relación cos procedementos do SGIC do centro vinculados á política de PDI e PAS:

(i) Demandar á Área de Apoio á Docencia e á Calidade da Universidade de Vigo que redefina (revise e actualice) os procedementos relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS os actuais PA05 e PA06) integrando a dimensión institucional (tanto no ámbito de xestión coma no académico) no SGIC do centro e que integren o PE02 (Política de PDI e PAS nos novos procedementos que describen o proceso de Dirección Estratéxica (DE-), elaborados durante o curso 2013/14 e actualmente en fase de deseño definitivo para aprobación polos centros.

(ii) Continuar entrementes recollendo información sobre necesidades de PDI e de PAS e sobre os seus resultados a través das queixas e suxestións que se reciban, das enquisas institucionais sobre a avaliación de satisfacción do PDI coas titulacións, das enquisas de avaliación docentes, de reunións de coordinación ou de reunións da CGC, analízalos e realizar accións para a mellora continua. Se é o caso, formular propostas e darlles oportuno traslado os órganos de goberno da Universidade de Vigo competentes na materia.

Tamén na Facultade de Dereito, manter comunicación institucional constante cos Departamentos, especialmente cando se elaboren a PDA e o POD ou concédense permisos ao profesorado para garantir unha axeitada cobertura das necesidades do servizo e o cumprimento das obrigas docentes do profesorado.

### **Breve descripción de las modificaciones**

### **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Recursos humanos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**  
Formación continua

**Punto débil detectado**  
Fomentar o proceso de formación continua

**Ámbito de aplicación**  
Fac. CCXX Fac Dereito

**Responsable de su aplicación**  
Decanatos

**Objetivos específicos**  
Realizaranse actividades de divulgación das metodoloxías e obxectivos dos Estudos adaptados ao EEES, fundamentalmente dirixidas aos docentes. organización de actividades de divulgación científica.

**Actuaciones a desarrollar**  
Actividades de formación

**Periodo de ejecución**  
14/15

**Recursos / financiamiento**  
Reitoría Decanatos

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**  
Actividades de formación



**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Recursos humanos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Deseñar unha nova publicación científica on-line

**Punto débil detectado**

Contar cunha canle de difusión dos coñecementos

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Decanato

**Objetivos específicos**

Deseñar unha nova publicación científica on-line, ben sobre a base do Anuario (publicación de carácter xeralista cuxa continuidade ou -se é o caso- transformación hai que someter a reflexión, debido ao seu irrelevante impacto académico, máxime no actual contexto universitario e editorial), ben sobre a base dunha nova revista especializada mais de amplo espectro) próxima ao Campus da Auga, para aproveitar sinerxías xeradas e avanzar na liña de especialización por Campus fomentada dende a nosa Universidade e dende a Xunta de Galicia

**Actuaciones a desarrollar**

Publicación

**Periodo de ejecución**

14/15

**Recursos / financiamiento**

Decanato

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Recursos humanos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Mellorar o coñecemento das actividades docentes e investigador do profesorado ante a comunidade universitaria e a sociedade

**Punto débil detectado**

Necesidade de mecanismos para o coñecemento do profesorado entre o alumnado así como das súas liñas de investigación e experiencia docente e investigadora. Páxinas web susceptibles de melloras

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

**Responsable de su aplicación**

Decanatos

**Objetivos específicos**

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo solicitarase a inclusión dunha imaxe do docente e das súas liñas de especialidade.

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo intentarase a participación en redes sociais de carácter profesional para acadar información sobre os egresados

**Actuaciones a desarrollar**

Actualización e mellora das webs

**Periodo de ejecución**

2014/2015

**Recursos / financiamiento**

Decanato; Departamentos

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

Actualización das webs

**Resultados obtenidos**

Solicitud de datos ao profesorado e mellora constante das webs

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Recursos humanos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**  
Formación continua

**Punto débil detectado**  
Fomentar o proceso de formación continua

**Ámbito de aplicación**  
Facultade de Ciencias Xuridicas e do Traballo

**Responsable de su aplicación**  
Decanatos

**Objetivos específicos**  
Realizaranse actividades de divulgación das metodoloxías e obxectivos dos Estudos adaptados ao EEES, fundamentalmente dirixidas aos docentes. organización de actividades de divulgación científica.

**Actuaciones a desarrollar**  
Actividades de formación

**Periodo de ejecución**  
2014/2015

**Recursos / financiamiento**  
Reitoría/ Decanatos

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Recursos materiales y servicios" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Garantía de la calidad de los recursos materiales y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Recursos materiales y servicios. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

Os Decanatos de ambas as dúas Facultades son os órganos responsables da revisión periódica dos medios materiais e servizos adscritos aos centros, asegurando, na medida da dispoñibilidade orzamentaria, a súa adecuación ás actividades formativas do título. A detección de necesidades materiais de docentes, persoal de administración e servizos e alumnos realízase mediante á atención, polo equipo decanal, das demandas transmitidas ben directamente, ben a través dos correspondentes buzóns de queixas e suxestións polos citados colectivos.

Os servizos de carácter complementario, tales como o servizo de reprografía na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ou o servizo de cafetería e comedor en ambos os dous centros, atendidos por empresas privadas, ríxense pola normativa de concesións e contratos do Estado.

Neste apartado hai que destacar a aprobación dunha concesión para a subministración de material funxible con carácter xeral para todos os centros da Universidade de Vigo, de xeito que a compra de material está limitado ao catálogo que ofrece a empresa concesionaria. Sería deseable unha mellora na calidade dos materiais e a posibilidade de utilizar a imaxe dos centros para este tipo de material.

**FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):**

Na Facultade de Dereito, as actuacións relativas aos servizos e, en menor medida, aos recursos materiais son xestionadas fundamentalmente polo administrador/a do centro e transcenden a maioría das veces ás competencias do centro, inseríndose no ámbito xerencial ou institucional, con participación de distintos implicados (unidade técnica, servizo de



xestión económica, Xunta de Facultade e comisións delegadas, comisións académicas...). Unha vez aprobado o presuposto do centro que se destinará ás distintas partidas, procédese á súa execución, de acordo coas normas de execución presupostaria da Universidade de Vigo e a lexislación vixente correspondente. Aínda que a nova edición de procedemento do SGIC é máis sinxela, algúns dos procedementos deseñados inicialmente -como o PA07 e os seus formularios anexos- non foron aínda adaptados á realidade funcional actual dos centros. Dos dous anexos ligados ao procedemento do SGIC do centro, unicamente se subiu á aplicación informática un formulario IT01-PA07 demasiado simple, no que unicamente se di que o centro se rexe pola normativa da Universidade de Vigo e esta, á súa vez, polo RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido dá Lei de Contratos do Sector Público. Non se subiu o formulario IT02-PA07, nin se elaborou, porque para autorizar o gasto solicitado se utiliza o impreso denominado "folla de pedimento" da Universidade de Vigo -accesible na web da Universidade <https://si.uvigo.es/formularios/foped2.php>-, que debe ir asinada

polo Director/a do centro de gasto e polo responsable de asuntos económicos e conter todos os datos de centro de gasto e do provedor.

Polo demais, a Facultade de Dereito é un centro pequeno no que habitualmente se coñecen e se cobren as necesidades materiais de recursos para contribuír á calidade do proceso de ensino-aprendizaxe das ensinanzas impartidas na propia Facultade -material de oficina, subministracións de docencia e material inventariable, incluído o de laboratorios- a través de peticións formuladas oralmente polos interesados ou a folla de pedido, sen que se formulen necesidades reais de recursos que non se poida cubrir. Salvo unha partida que se asigna ás áreas de coñecemento segundo criterios aprobados en Xunta de Facultade ou a que se asigna á Delegación de alumnos, o presuposto está centralizado e se xestiona pola responsable de asuntos económicos, o Decano que autoriza o gasto e o administrador de centro. Planifícase así mellor a adquisición de recursos en función do presuposto e da prioridade. Unha vez recibidos os recursos materiais, estes son inventariados. O material de oficina e funxibles de informática adquirense a través dun contrato de subministración centralizado por parte da Universidade, que obriga a realizar as compras exclusivamente de forma telemática a través dunha plataforma on line, accesible dende a Secretaria Virtual, coa empresa adxudicataria, despois do correspondente proceso de licitación, en atención aos seus prezos competitivos.

A análise das enquisas institucionais sobre satisfacción das titulacións oficiais -que valora o grao de satisfacción de alumnado e profesorado cos recursos de apoio ao ensino e cos servizos de apoio a esta-, queixas e suxestións ao respecto por parte dos distintos implicados, os acordos adoptados nos órganos de goberno... permiten detectar necesidades e adecuar os recursos e servizos ás actividades formativas do centro. Por exemplo, a adaptación das titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior esixiu acometer polo centro a adecuación de espazos físicos xa existentes -despachos e seminarios- ás novas necesidades requiridas polas novas metodoloxías implantadas con Bolonia. Nesa tarefa foise avanzando progresivamente a medida que o presuposto o permitiu, ao longo dun período de aproximadamente cinco anos. As decisións máis relevantes ao respecto adoptáronse co consenso das áreas e a aprobación da Xunta de Facultade ou da súa Comisión Permanente.

A proposta de presupostos apróbase anualmente en Xunta de Facultade e, ao finalizar o exercicio económico, sométese á aprobación da Xunta a Memoria económica do exercicio anterior, momento que pode identificarse coa rendición de contas da execución do presuposto. Ambos os dous documentos publícanse na web para o seu coñecemento público. Se resulta necesario aprobar modificacións presupostarias para adaptar o presuposto ás necesidades que se produzan durante a execución deste, o Decanato informa a Xunta de Facultade e instrúese o oportuno expediente polo Administrador de Centro, cunha memoria xustificativa e dando traslado, segundo proceda, aos órganos aos que corresponda a súa aprobación: Xerente, Xunta de Goberno ou Consello Social.

Disponibilidade e adecuación dos recursos materiais e servizos

Como medios materiais e servizos dispoñibles inclúense todas as infraestruturas e equipamentos do centro e que resultan indispensables e axeitados para o desenvolvemento das ensinanzas impartidas en Facultade de Dereito. Para tal efecto, priorizáronse os mecanismos tendentes a conseguir a plena eliminación de barreiras arquitectónicas en toda a Facultade. Neste sentido, a Facultade de Dereito de Ourense conta con instalacións que cumpren plenamente as esixencias de accesibilidade establecidas na normativa de aplicación. En concreto, existen zonas de aparcadoiro para discapitados, ramplas para facilitar o acceso ao edificio dende o exterior e ramplas interiores que facilitan a mobilidade entre as distintas dependencias do centro. As distintas plantas do devandito edificio tamén están dotadas cos ascensores necesarios. Por último, existen servizos convenientemente preparados para o seu uso polas persoas que se encontran en situación de discapacidade.

Tipoloxía de espazos e dotación de infraestruturas:

Como infraestruturas de Docencia, a Facultade de Dereito conta cun total de 28 espazos aproveitables por alumnos e profesores:

1º.- Aulas: 10 aulas no primeiro e segundo piso do edificio (todas con canón de video e ordenador para o profesor):

o Aula 1.1 (110 postos) - 1.2 (96) - 1.4 (120) - 1.5 (120) - 2.1 (100) - 2.2 (102) - 2.3 (66) - 2.4 (120) - 2.5 (97)

o Aulas informatizadas 1.3 (70 postos con 34 ordenadores)

2º.- Aulas compartidas coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo: 5 aulas con canón de video e ordenador para o profesor.

o Aulas: 1 A, 1B, 1 CULOMBIO. Todas con 24 postos.

o Aulas informatizadas: 1D e 1E. Con 24 postos e outros tantos ordenadores.

3º.- Laboratorios de informática: AULA ARANZADI

o Denominados seminarios 0,2 e 0,3, na planta baixa, contan con 25 postos cada un e están dotados de 15 ordenadores respectivamente. O seminario 0,3 conta, ademais, cun canón de video.

4º.- Seminarios (todos os seminarios, menos o 5.2, contan con canón de video):

o Seminario 0,1 (de 15 a 20 postos) - 3.2 (15-20) - 4.2 (12) - 5.1 (30) - 5.2 (12)

5º.- Sala de Videoconferencias (planta baixa): Dotada de 40 postos e equipada con canón de video e sistema de videoconferencia.

6º.- Zona de libre acceso: Na planta primeira da Facultade de Dereito, alumnos e profesores, contan cunha sala de libre acceso dotada de 70 postos e equipada con 38 ordenadores.

7º.- Aula de Estudo: Alumnos e PDI dispoñen dun espazo para traballar -ou estudar- na planta primeira do edificio, dotado con 140 postos.

8º.- Sala de xuntas do Decanato: dotada de 15 postos e equipada con canón de video.

9º.- Aula Magna: Tamén denominada Aula Concepción Areal, equipada con canón de video, ten unha capacidade de 204 postos.

10º.- Salón de Graos: Na planta baixa do edificio, dotado de 107 postos e canón de video, ideal para conferencias, seminarios ou congresos.

Outras instalacións de interese

1º.- Biblioteca: A Biblioteca Central do Campus de Ourense encóntrase nun edificio propio de 4.650 m<sup>2</sup>. Dispón de 500 postos de lectura, un depósito con 187.000 volumes en papel e unha hemeroteca con 12.300 colectores. Os pisos superiores destínanse a salas e servizos multimedia aos que se accede a través da zona de lectura distribuída en distintas alturas. Está equipada con rede WIFI. O seu horario é de 8:30 a 21:00 de luns a venres, pero en época de exames ofrece un horario nocturno ata as 3:00h.

Ademais da rede de instalacións bibliotecarias, e co obxecto de distribuír os seus servizos a toda a comunidade universitaria, a Biblioteca dispón dun moderno sistema de automatización, que inclúe un catálogo online (OPAC) para consultar os fondos existentes, así como a súa dispoñibilidade para o préstamo. De igual forma dispón da súa propia páxina web ([http://www.biblioteca.uvigo.es/biblioteca\\_gl/](http://www.biblioteca.uvigo.es/biblioteca_gl/)).

2º.- Delegación de alumnos: Situada na planta baixa do edificio, é un espazo amplo, con equipamento informático,

preparado para o desenvolvemento das actividades propias da delegación.

3º.- Despachos de Persoal Docente e Investigador (PDI): A facultade dispón de 43 despachos para o PDI con vinculación permanente ou non permanente. Neles, o profesorado, ademais de realizar as tarefas de I+D, xestión ou atención do plan de acción tutorial que, segundo os casos, poida corresponderlle, debe estar a disposición do alumnado no seu horario de titorías.

4º.- Despachos de Persoal de Administración e Servizos (PAS): O PAS, dispón de 5 despachos, nos que desempeñan as funcións inherentes ao seu posto de traballo e están durante a súa xornada laboral a disposición de alumnos e profesores para atender calquera eventualidade.

5º.- Despachos de Asociacións Estudiantís: Como esixe a normativa de réxime interno do centro, as asociacións estudiantís contan cos seus propios espazos para desenvolver as súas funcións. Na Facultade de Dereito contan con 2 despachos, completamente equipados, á súa disposición.

6º.- Secretaría de alumnado e Conserxaría: A disposición do alumnado para xestionar e resolver calquera eventualidade académica e material.

7º.- Servizo de reprografía gratuito: Todos os alumnos da Facultade de Dereito -de calquera das súas titulacións- contan cun servizo de reprografía gratuito na zona de libre acceso da primeira planta. Cada mes, o alumno, dispón de 100 copias gratuítas.

8º.- Servizo de reprografía: Os alumnos contan con catro fotocopiadoras de autoservicio -que funcionan mediante tarxeta pagamento previo- que cobren as necesidades do centro.

9º.- Servizo de cafetería e comedor: O centro dispón de servizo de cafetería e comedor atendido por unha empresa externa.

10º.- Instalacións Deportivas: Os alumnos, PAS e PDI da Facultade de Dereito teñen á súa disposición as instalacións deportivas do campus de Ourense.

11º.- Servizo de aparcadoiro: O centro conta cun amplo servizo de aparcadoiro, con prazas reservadas para alumnos -ou no seu caso PAS ou PDI- con minusvalidez. Ademais da zona aberta, conta cun aparcadoiro subterráneo, ao que se accede coa Tarxeta Universitaria.

Outros recursos para a docencia e a aprendizaxe:

1º.- Conexión inarámica: Todas as aulas da Facultade foron convenientemente cablear, para facilitar a utilización dos equipos informáticos propios por parte do alumnado, contando ademais con conexión inarámica a Internet. Todos os membros da comunidade universitaria teñen acceso a este servizo mediante clave vinculada á súa conta de correo persoal proporcionada pola Universidade.

2º.- Préstamo de ordenadores: Identificándose coa tarxeta universitaria, os alumnos poden adquirir un ordenador portátil durante todo un día, para realizar traballos ou investigacións. O centro ten á súa disposición 36 unidades.

3º.- Web da Facultade de Dereito: Ferramenta de traballo indispensable para poder manter informado o estudante, alí facilítase toda a información relativa a estes estudos impartidos no centro.

4º.- Recursos docentes en rede: Como apoio á docencia, a Universidade de Vigo puxo a disposición de profesorado e alumnado a plataforma FAITIC con recursos en liña destinados á teleformación. Ademais, dende a páxina da biblioteca pódese acceder a diversas bases de datos que os alumnos poden consultar. Todos os recursos docentes en rede, son accesibles -para os alumnos- dende os seus domicilios, ben directamente por ser públicos, ben a través das súas claves de identificación e acceso remoto.

A Facultade de Dereito conta coas infraestruturas e equipamentos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas do Grao en Dereito. A ala do Edificio Xurídico-Empresarial na que se atopa a Facultade de Dereito conta cos seguintes espazos:

## FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

Si ben a meirande parte das novas infraestructuras previstas na Memoria, executáronse durante estes anos, na actualidade xa se pon de manifesto que as instalacións adicadas á docencia son insuficientes. A capacidade das aulas adáptase de forma xeral coas necesidades diarias pero a dos seminarios encóntrase en moitos casos sobrepasada polo volume de alumnos que acuden aos mesmos, polo que os docentes encóntranse obrigados a utilizar outros espazos menos axeitados a tal efecto.

Os recursos poderían ser mellorados tendo en conta a implantación dos Graos e os posgraos, especialmente, o "Máster de acceso á Avogacía" e o Máster en Dereito de Empresa. Precísanse aulas destinadas á docencia de posgrado, que polas súas peculiaridades, require outro tipo de infraestructuras ao ser un grupo de alumnos reducido, utilizar unha metodoloxía docente distinta á dos graos e ao utilizar o alumnado materiais como ordenadores, códigos, monografías, expedientes e outros.

Tamén é preciso espazo para realizar reunións de profesorado para a oportuna coordinación das materias e dos contidos da titulación. A necesidade de xuntar a un grupo de profesores para debatir certas cuestións aconsella contar con salas adecuadas para esta finalidade. Estas mesmas instalacións poderían utilizarse para as reunións do Plan de Acción Titorial.

Asimesmo as áreas de servizos administrativos, espazos destinados a reunións, seminarios, actividades extracurriculares, así como o espazo destinado á dirección do centro tamén resultan claramente insuficientes.

Os despachos dos profesores na súa meirande parte, son pequenos en canto á súa dimensión para poder facer as titorías previstas no Título. A necesidade de novos e máis amplos espazos está xustificada, xa que, o número de espazos adicados á docencia son insuficientes para o volumen de alumnos diario.

O número de docentes cos que conta o centro, determinado polo número de alumnos matriculados, provoca que en moitos casos estes docentes se encontren na obriga de compartir os despachos, algúns cun tamaño insuficiente para ter máis de un docente por despacho. Ademais isto ten un efecto claramente negativo nos horarios establecidos para as titorías, tamén perxudicando gravemente á capacidade investigadora dos docentes, e conseguintemente, á capacidade investigadora do Centro. No curso 2013-2014 comenzo a reordenación de espazos para profesores que implicou a remodelación de despachos xa existentes e o cambio dos profesores do área de Dereito do Traballo dende o bloque D ao bloque C da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Os espazos utilizados a labores de carácter administrativos se atopan en moitos casos divididos en diferentes zonas da facultade por non poderse centralizar nun único lugar, e as veces tendo utilizadas zonas da facultade non destinadas inicialmente para ese fin.

A pesar de todos estes problemas, os docentes, os alumnos e o persoal da facultade colabora dunha forma crucial para que, ante todo, estas deficiencias non perxudiquen á calidade da docencia impartida no centro.

Neste senso, realizouse a petición ao Vicerrector de Economía e Planificación para que se invirta un maior volumen de recursos nas infraestructuras do centro por parte da Universidade. De momento, se están a realizar grandes esforzos por parte do profesorado, persoal de administración, decanato e alumnado para que os problemas de espazos non perxudiquen seriamente á calidade da docencia. Algunhas destas peticións xa se resolveron durante o curso 2013-2014 como pode ser a mellora dos accesos dende o aparcamento, especialmente para discapacitados físicos, ou a dotación dunha sala para reunión.

Polo que respecta ás competencias directas do Decanato, nos últimos cursos incrementouse significativamente a partida adicada á compra de manuais das asignaturas para a sala de lectura e biblioteca da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Respecto a novas dotacións que sexan necesarias para desenvolver a implantación do Título, correspóndelle aos Decanatos a revisión e petición ós órganos encargados da Universidade de Vigo.

Por tanto, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo conta no curso académico 2013- 2014 cos recursos materiais e servizos seguintes:

## AULAS

A1: 93 Postos.

A2: 90 Postos.

A3: 72 Postos.

A4: 50 Postos.

B1: 72 Postos.

B2: 50 Postos.

B3: 110 Postos.

B4: 90 Postos.

B5: 122 Postos.

C1: 72 Postos.

C2: 50 Postos.

C3: 110 Postos.

C4: 90 Postos.

D1: 82 Postos.

A101: 51 Postos.

A102: 38 Postos.

(Todas elas teñen un posto co ordenador e están dotadas con cañón de vídeo)

## LABORATORIOS DE INFORMÁTICA

C5: 50 Postos.

C6: 40 Postos.

(Todos eles teñen cañón de vídeo)

## SEMINARIOS

A301: 24 Postos.

B301: 24 Postos.

A201: 24 Postos.

C301: 24 Postos.

C201: 24 Postos.

D301: 24 Postos.

D201: 24 Postos.

(Todos eles teñen un posto co ordenador e cañon de video)

#### SALA DE XUNTAS

A302: 14 Postos.

B202: 14 Postos.

B302: 14 Postos.

C202: 14 Postos.

C302: 14 Postos.

D202: 14 Postos.

D302: 14 Postos.

(todas elas teñen un posto co ordenador e cañon de video)

SALÓN DE GRAOS: 154 Postos, cañon de video, ordenador

AULA DOTADA CO SISTEMA DE VIDEOCONFERENCIA: 30 Postos, cañon de video, ordenador

SALA DE XUNTAS (DECANATO):16 Postos.

DELEGACIÓN DO ALUMNADO D201:30 Postos, cañon de video, ordenador

ZONA DE LIBRE ACCESO A EQUIPOS INFORMÁTICOS: 40 Postos, cañon de video, ordenador

Tamén e destacable a dotación do Salón de Grao con un equipo de videoconferencia multipunto.

#### DESPACHOS

Profesorado: 67

Persoal de Administración e Servizos: 8

Para asociación de alumnos:1

#### OUTRAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS:

Biblioteca situada no edificio da Facultade

Servizo de reprografía: servizo situado na planta baixa da facultade.

Servizo de cafetería e comedor: servizo situado no edificio.

Servizo de aparcamento con prazas reservadas a minusválidos.

Outros recursos para a docencia:

Conexión inalámbrica a internet

Recursos docentes en Rede: plataforma FAITIC

Web da Facultade de Dereito

### Indicadores de satisfacción

A través das enquisas institucionais que se realizan anualmente ó estudantado e ó PDI recollese, entre outros, o grado de satisfacción de estos colectivos cos recursos de apoio á ensinanza.

Os valores obtidos (sobre 7) relativos o grado de satisfacción cos espazos destinados ao traballo foron de 5.80 (5,29 en 2012/13) por parte dos estudantes, y de 5.83 (5.96 en 2012/13) polo PDI, os cales se consideran satisfactorios. Os valores obtidos (sobre 7) relativos o grado de satisfacción cos servizos externos foron de 5.51 (5,03 en 2012/13) por parte dos estudantes, y de 4,43 (4.83 en 2012/13) polo PDI, os cales se consideran satisfactorios.

A súa vez, os estudantes indicaron a súa opinión respecto ás condicións (espazo, equipamento, material, nº de estudantes) nas que se desenvolve a docencia con un 3.77 (sobre 5) no curso 2013/14 (3.68 no 2012/13).

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, as enquisas de satisfacción do alumnado reflexan un 4.68 (4.90 para os homes e 4.58 para as mulleres) no apartado de recursos de apoio á ensinanza, co que se amosa un grado suficiente de satisfacción. A satisfacción co persoal é dun 4.38 e coas infraestruturas dun 4.63. Para os recursos informáticos é dun 5.11. Trátase de resultados satisfactorios.

### Buenas prácticas

#### FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):

1. Asegurar que toda a información referente aos recursos materiais e servizos necesarios para o desenvolvemento do programa formativo se encontra actualizada e dispoñible de forma detallada na páxina web do centro.
2. Instalación de fotocopiadoras para utilizar mediante un sistema de tarxeta de pagamento, ante as queixas recibidas en relación co mal funcionamento do servizo de reprografía
3. A Facultade de Dereito, continuou no curso 2013-2014, en liña cos obxectivos xa emprendidos en cursos anteriores e segundo o plan de mellora sinalado no informe de seguimento aprobado de 2011, á remodelación dos seus espazos e servizos coa finalidade de dar resposta ás novas demandas do Grao e acadar unha óptima utilización dos mesmos. Así, compre salientar, entre outras, as seguintes reformas: -Remodelación dos despachos do profesorado coa finalidade de adaptalos as novas tarefas docentes de titorización e seguimento personalizado do alumnado. 4. Renovación periódica dos equipos informáticos e canóns de vídeo das diferentes aulas.
5. Mellora do acceso á información sobre aulas, laboratorios, seminarios e despachos; especialmente no relacionado coa súa localización física, mediante a instalación de paneis informativos en cada andar.

#### FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

- Instalouse un sistema de vídeo conferencia en dúas salas: Aula de Video Conferencia e Salón de Graos,
- No ano 2010/11 dotouse de novo mobiliario aos despachos de profesores e seminarios
- Instaláronse bancos nos pasillos coa finalidade de facilitar a estancia do alumnado.
- Dispoñibilidade de conectividade á rede wifi nas aulas.
- Acondicionamento acústico da aula de videoconferencia.
- Un procedemento propio para a compra de materiais e selección dos provedores, que non se atopen suxeitos á Lei de Contratos do Estado.
- Incrementouse o número de postos de informática nas aulas de acceso libre

\* Realizouse unha reordenación dos despachos nos bloques da Facultade para intentar mellorar a distribución dos mesmos.

\* Incorporouse un conxunto de ordenadores nos seminarios e un de libre acceso ao alumnado para o establecemento dunha base de datos de formularios de carácter xurídico.

\* Introduciuse entre a práctica do profesorado a mencionada base de datos.

### Propuestas de mejora

#### FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

-Reiterar a Petición de ampliación á Vicerrectoria correspondente dos espazos destinados aos servizos administrativos. Neste senso se solicitará o traslado da cafetería a unha construción anexa.

-Reiterar a Petición de ampliación á Vicerreitoría correspondente dos espazos útiles da Facultade destinados a arquivo, salas de titorías, seminarios, salas de reunión.

-Mellorar a prevención de riscos laborais para o profesorado e persoal de administración (protección da luz do sol a través das fiestras, ergonomía, etc)

-Mellorar a capacidade de resposta para o alumnado con dificultades físicas

-Dotación de megafonía en todas as aulas de docencia

-Dotación de puntos fixos de toma de red nas aulas para ordenadores do profesorado.

-Conseguir una mellor dotación

#### FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):

- Incluir na web do Centro información dos planos de localización con idea de mellorar aínda máis a localización de infraestructuras do Centro.

-Mellorar a prevención de riscos laborais para o profesorado e persoal de administración mediante a implantación no edificio xurídico-empresarial dun Plan de Emerxencias, co obxecto de contar cunha identificación e análise das posibles situacións de emerxencia, así como das medidas a levar a cabo nas referidas situacións, como centro de pública concorrencia. Entre as accións que se levarán a cabo poden mencionarse a planificación de diferentes actividades de prevención, labores de formación e información en materia de seguridade e saúde ou mesmo a realización de inspeccións de seguridade. Determinaranse controis periódicos que demostran que as condicións existentes son as axeitadas para prever e mitigar as consecuencias adversas dunha emerxencia, realizaranse probas periódicas, a fin de comprobar a eficacia dos protocolos de actuación ante emerxencia definidos e o Decano/a actuará como Director/a do Plan de Emerxencia do centro.

-Recoñecida polo centro a defectuosa implantación dos formularios anexos esixidos polo propio SGIC, a Facultade de Dereito propón as seguintes accións de mellora:

i. Elaborar os formularios anexos ao procedemento PA07. A Comisión de Calidade do Centro tomará posición en relación cos devanditos anexos, valorando a súa adecuación ou non e/ou, se é o caso, sobre o plan de accións de mellora para unha mellor xestión dos recursos durante o período seguinte.

ii. Analizar na Comisión de garantía da Calidade información sobre as necesidades de recursos materiais e servizos por diversos medios: queixas e suxestións, enquisas institucionais, reunións do equipo decanal do centro, administrador/a do centro ou responsable de asuntos económicos, reunións da CGC ou órganos colexiados do centro ou institucionais (Xunta de Facultade, comisións delegadas, xerencia...), realizar accións para a mellora continua dos recursos materiais e servizos e dar traslado de necesidades extraordinarias, cando se considere necesario, aos órganos competentes da Universidade.

iii. Recoller evidencias que demostren que o procedemento relativo á xestión dos recursos materiais se implanta de forma efectiva. En xeral, todos os rexistros ligados á xestión dos recursos e servizos, plans de mellora, seguimento dos títulos,



queixas e suxestións, informen de resultados anuais...

iv. Se demandará da Universidade de Vigo que, de forma centralizada, a través dos Técnicos Superiores de Calidade da Universidade elaboren os procedementos do SGIC pendentes de actualizar. Entre outros, o de Xestión da infraestrutura e ambiente de traballo (IA), que substituirá ao actual PA07, de xestión dos recursos materiais, e o de Xestión de compras e avaliación dos provedores (CO).

#### **Breve descripción de las modificaciones**

As modificacións nos recursos materiais e servizos con respecto aos datos reflectidos na memoria quedaron suficientemente aclarados e detallados na reflexión e xustificación do criterio.

#### **Justificación de las modificaciones**

Os cambios na dotación dos recursos materiais e servizos na titulación polos centros xustifícanse pola necesidade de adecuación de espazos ás necesidades do momento. De acordo co documento da ACSUG "Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Máster", eses cambios notifícanse e analízanse no proceso de seguimento e actualízanse na memoria cando se teña que introducir unha modificación substancial nesta.

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Recursos materiales y servicios. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**  
Mellora da localización de infraestructuras do Centro

**Punto débil detectado**  
Escasa información relacionada coa ubicación das infraestructuras do Centro

**Ámbito de aplicación**  
Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**  
Decanato

**Objetivos específicos**  
Aumentar a información relacionada coa ubicación das infraestructuras do Centro

**Actuaciones a desarrollar**  
Incluir na web do Centro información dos planos de localización con idea de mellorar aínda máis a localización de infraestructuras do Centro

**Periodo de ejecución**  
14/15

**Recursos / financiamiento**

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Recursos materiales y servicios. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**  
Reordenación dos espazos

**Punto débil detectado**  
Problemas coa situación de algunhas dependencias ou insuficiencia de espazos

**Ámbito de aplicación**  
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

**Responsable de su aplicación**  
Decanato Fac. CCXX; Rectorado

**Objetivos específicos**  
. Solicitar ampliación dos espazos administrativos do centro . Reordenar os despachos para unha optimización do espazo. . Melloras das aulas (megafonía, rede,...) . Prevención de riscos laborais.  
  
. Atención ás demandas dos discapacitados físicos.  
  
. Base de datos de contido xurídico

**Actuaciones a desarrollar**  
Petición á Reitoría

**Periodo de ejecución**  
2014/2015

**Recursos / financiamiento**

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumprimento**

Reordenación de espacios e plantexamento de novas ubicacións

**Resultados obtidos**

Reordenación dos despachos de profesorado en xuño de 2014

Reforma na sala de xuntas do Decanato en xullo de 2014

**Grado de satisfacción****Acciones correctoras a desenvolver**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Resultados previstos" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Análisis y utilización de los resultados para la mejora de los programas formativos" y "Publicación de la información y rendición de cuentas sobre los programas formativos" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Resultados previstos. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

No SGIC da Facultade de Dereito o procedemento PM01 "Procedemento de Medición, Análise e Mellora" –que se substituirá por o procedemento DE-02 P1 «Seguimento e medición»- aporta indicadores de resultados á luz dos cales o procedemento D0-0102 "Seguimento e mellora das titulacións" debe garantir que a xestión e o desenvolvemento xeral da ensinanza é coherente coa memoria de titulación, e que inclúe os elementos adecuados de información pública e os mecanismos que permiten a mellora continua. A Facultade de Dereito, a través da Comisión de Garantía de Calidade elabora dende o curso 2012-2013 no último semestre do ano unha memoria anual –o "Informe Anual de Resultados"- onde se reflexa a análise dos resultados académicos, dos resultados das enquisas de satisfacción de profesorado e alumnado coas titulacións obtidos en cada curso académico e das queixas e suxestións recibidas, atendendo aos obxectivos anuais formulados e ás accións de mellora previstas para o seu desenvolvemento. O Informe Anual, coa análise global dos resultados acadados e as propostas de obxectivos de calidade e dun Plan Anual de Mellora para o ano seguinte, remítese para a súa aprobación á Xunta de Facultade,

1. Análise de indicadores relevantes:

1.1. Taxa de rendemento

1.1.1. Facultade de Dereito (Campus de Ourense) Valores estimados na Memoria vixente do título: a memoria vixente do título non establece valores estimados. Os datos dispoñibles proporcionados pola Unidade de Estudos e Programas –indicadores ACSUG- son os seguintes:

Curso 2009-2010: 61,97 %

Curso 2010-2011: 59,72 %

Curso 2011-2012: 58,90 %

Curso 2012-2013: 68,32%

Curso 2013-2014: 71,33 % -por sexos, 64.24% homes e 75.08% mulleres-

1.1.2. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Campus de Vigo) Valores estimados na Memoria vixente do título: a memoria vixente do título non establece valores estimados. Los datos disponibles del SGIC son los siguientes:

Curso 2009-2010: 81,95 %

Curso 2010-2011: 69,87 %

Curso 2011-2012: 68,49 %

Curso 2012-2013: 66.47%

Curso 2013-2014: 66.84%

Con carácter xeral, a análise e interpretación dos valores indicados resulta sumamente complexa pola ausencia de previsión, na Memoria do Título, de valores estimados relativos á taxa de rendemento do título (a devandita Memoria só contempla valores estimados relativos á taxa de eficiencia, certamente relacionada coa taxa de rendemento).

Análise e interpretación dos valores correspondentes á Facultade de Dereito (Campus de Ourense):

A taxa de rendemento da Facultade de Dereito de Ourense móstrase constante, sendo a oscilación por curso académico a partir do curso 2011-2012 considerablemente ascendente tras una tendencia levemente descendente nos tres primeiros cursos académicos. A leve tendencia amosada parecía froito de dous factores basicamente: por un lado, o número cada ano máis amplo de alumnos a considerar -como consecuencia da implantación paulatina do Grao- ; por outra banda, e en relación co anterior, a maior dificultade inherente aos cursos intermedios da titulación (segundo e terceiro), situación agravada - pola acumulación frecuente ás materias correspondentes ao novo curso realizado as materias pendentes de cursos anteriores. A situación mellorou sensiblemente no curso 2012-2013 coa implantación do cuarto curso do Grao, no que os alumnos se matriculan dos 36 créditos optativos da titulación teñen que superar para obter o título e de 24 créditos obrigatorios. Precisamente o descenso da taxa de rendemento concentrado en segundo e terceiro de grao foi un dos motivos que xustificou a modificación do plan de estudos, para tratar de distribuír a carga de traballo dos estudantes de forma máis homoxénea ao longo dos catro cursos e que motivou o cambio de curso dalgunhas materias e/ou o cambio de cuadrimestre.

En todo caso, a efectos de valoración da taxa de rendemento –% de créditos superados respecto dos créditos matriculados- debe considerarse se o alumno se matricula cada curso de todos os créditos ou de parte dos mesmos. Pois, no primeiro caso –suposto moi frecuente- unha taxa de rendemento superior ao 70% debe valorarse positivamente.

Análise e interpretación dos valores correspondentes á Facultade de CCXX e do Traballo (Campus de Vigo):

No caso do Grao en Dereito na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, aínda que na memoria do título non existe ningún valor con esta taxa, vamos a ter en conta de forma global o valor da taxa de eficiencia. Así, no ano 2009-10 a taxa de rendemento acadada (81,95%) pon de manifesto que previsiblemente se poderá acadar novamente nun futuro. Certamente no ano 2010-2011 houbo un pequeno descenso que continúa nos anos sucesivos, que puido deberse a que os alumnos se atopaban nun proceso de adaptación ao EEES, enfrontándose a una metodoloxía moi distinta da etapa anterior de educación secundaria e á propia estrutura do plan de estudos

No curso académico 2012-2013 mantense a taxa de rendemento do ano anterior cunha pequena desviación á baixa, o que nos leva a considerar que deben intensificarse as actividades para melloralas nun futuro próximo. No curso 2013-2014, a

taxa sitúase preto do setenta por cento, polo que se atopa en marxes aceptables pero mellorables. Agora ben, seguimos constatando que os alumnos atopan dificultades á hora de levar a cabo o traballo autónomo necesario e imprescindible no título de grado. A adaptación ao novo contorno da Universidade, o desprazamento dende o entorno xeográfico cercano e o propio proceso de evolución persoal do alumnado inflúen decisivamente.

Por outro lado, debe terse en conta que a taxa de eficiencia tamén pode estar condicionada polos valores e actitudes do alumnado que poden ser diferentes nalgunhas promocións polo que non resulta fácil valorar o seu cumprimento, sobre todo tendo en conta que a taxa de abandono é significativamente baixa.

## 1.2. Taxa de abandono do título:

### 1.2.1. Facultade de Dereito (Campus de Ourense)

Valores estimados na Memoria vixente do título: <18

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: 9,09%

Curso 2013-2014: 7,41%

### 1.2.2. Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo (Campus de Vigo)

Valores estimados na Memoria vixente do título: <18

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: 4.90 % (ACSUG)

Curso 2013-2014: 7.69 %

A taxa de abandono é baixa e, practicamente, inexistente polo que a continuación de estudos é un feito en ámbalas dúas Facultades. Os casos de abandono son debidos, case practicamente, a motivacións alleas aos estudos. No caso da Facultade de Dereito, a maior taxa de abandono concéntrase en primeiro curso do grao e xustifícase polos estudantes provenientes doutras provincias galegas que non puideron matricularse en Facultades de Dereito máis próximas e que solicitan un traslado de expediente coa finalidade de retornar ás súas localidades de orixe. Non obstante, unha importante porcentaxe destes estudantes optan por continuar os seus estudos na Facultade de Dereito de Ourense.

No caso da Facultade de Dereito, a maioría dos casos de abandono refírense a cambio de estudos (11 alumnos) ou a traslados a outras universidades (4).

No caso da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, a maioría dos casos de abandono refírense a cambio de estudos (11 alumnos) ou a traslados a outras universidades (2).

## 1.3. Taxa de eficiencia do título:

### 1.3.1. Facultade de Dereito (Campus de Ourense)

Valores estimados na Memoria vixente do título: >70%



Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: 96,33%

Curso 2013-2014: 89,77 %

1.3.2. Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo (Campus de Vigo)

Valores estimados na Memoria vixente do título: <70%

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: 96.66%

Curso 2013-2014: 93.08%

A taxa de eficiencia ten resultados altos, polo que a valoración extraída dos datos é positiva. As actuacións a realizar deben continuar esta mesma senda e aspirar a acadar unha porcentaxe do 100%.

1.4. Taxa de graduación do título:

1.4.1. Facultade de Dereito (Campus de Ourense) Valores estimados na Memoria vixente do título: >50

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: Datos non dispoñibles

Curso 2013.2014: 47,54%

1.4.2. Facultade de Ciencias Xurídicas e do traballo (Campus de Vigo)

Valores estimados na Memoria vixente do título: >50

Curso 2009-2010: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2010-2011: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2011-2012: Datos non dispoñibles (título en fase de implantación)

Curso 2012-2013: Datos non disponibles.

Curso 2013.2014: 36.25 %

Os datos de graduación non son definitivos, polo que non se pode facer unha avaliación dos resultados. Por outra parte, teñen en conta, soamente, o alumnado que se presenta ao Traballo Fin de Grao e non outras consideracións. Tamén debe dicirse que están en liña coas demais titulacións da Universidade.

## 2. Procedementos para valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe:

En ámbalas dúas Facultades, para a medición, análise e mellora de resultados do título empréganse os instrumentos seguintes:

-Análise dos resultados académicos -taxas de rendemento, eficiencia, abandono e graduación: indicadores da ACSUG- consonte os datos proporcionados pola Unidade de Estudos e Programas da Universidade de Vigo..

-Análise das queixas e suxestións recibidas, consonte os procedementos previstos no SGIC de cada Centro.

-Plan de Acción Titorial e, ao amparo do mesmo, titoría personalizada do alumnado polos Coordinadores e titores nomeados.

-Datos das enquisas de avaliación da satisfacción da titulación proporcionados pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo.

### **Buenas prácticas**

-Análise, con periodicidade anual e con ocasión da realización do Informe de seguimento das taxas de rendemento, eficiencia, abandono e graduación consonte os datos proporcionados pola Uvigo. Todo iso, sen prexuízo da análise que, nun prazo máis corto de tempo, se realiza na Comisión de Calidade de ambaa as dúas facultades.

-Contraste, con periodicidade anual e con ocasión da realización do Informe de seguimento, de resultados acadados nos dous Centros nos que se imparte o Título.

-Accións de promoción da participación de alumnado e profesorado nas Enquisas de satisfacción: campañas de información nas aulas e remisión de correos electrónicos, etc.

- O Coordinador de Grao da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo realiza reunións e enquisas ao alumnado sobre a planificación e desenvolvemento dos estudos e, do mesmo xeito, se atenden as queixas que se formulan polo alumnado no buzón, físico e tamén no virtual, de queixas e suxestións.

-En ambas Facultades eaborase un informe final sobre o desenvolvemento da docencia e as principais incidencias postas de manifesto nas reunións mantidas co profesorado, co alumnado, cos titores do PAT, cos coordinadores de Relacións Internacionais, de Prácticas externas, do Traballo fin de grao... que se somete á revisión da Comisión de garantía de calidade co obxecto de aprobar propostas de mellora da titulación.

-A Comisión de Garantía de Calidade realiza un Informe final de resultados no que se analizan os resultados académicos do estudantado e os datos de satisfacción de alumnado e profesorado coa titulación.

### **Propuestas de mejora**

-Establecer un calendario de análise dos resultados da titulación, con participación dos colectivos de PDI, PAS e alumnado, ao marxe da realización do informe de seguimento. -Instar á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade á remisión das taxas de eficiencia, abandono e graduación con máis antelación para a súa análise, de cara á elaboración do informe de seguimento.

-Fomentar unha maior participación do PDI, do alumnado e do PAS nas enquisas de satisfacción da titulación con novas accións de promoción da súa participación promovidas pola Comisión de garantía da calidade, co obxecto de facilitar un seguimento máis directo e continuado do grao de satisfacción especialmente en relación coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas e da actividade docente do profesorado.

### **Breve descripción de las modificaciones**

**Justificaciones de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

## Resultados previstos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Fomentar unha maior participación nas enquisas de satisfacción da titulación

**Punto débil detectado**

Índice de participación insuficiente para que los resultados sexan representativos

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Comisión de Garantía da Calidade e Xunta de Facultad

**Objetivos específicos**

Fomentar unha maior participación do PDI, do alumnado e do PAS nas enquisas de satisfacción da titulación con novas accións de promoción da súa participación promovidas pola Comisión de garantía da calidade, co obxecto de facilitar un seguimento máis directo e continuado do grao de satisfacción especialmente en relación coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas e da actividade docente do profesorado

**Actuaciones a desarrollar**

Discutir e validar na Comisión de garantía da calidade propostas dirixidas a incentivar a participación de profesorado e alumnado nas enquisas de satisfacción das titulaciones

**Periodo de ejecución**

Primeiro trimestre do curso 2014-2015

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos e económicos da Facultade de Dereito

**Indicadores de ejecución**

Na reunión da Comisión de Garantía da Calidade de 10-10-2014 acordouse por asentimento Incentivar a participación de profesorado e alumnado nas enquisas de satisfacción das titulaciones mediante a realización do sorteo dun aproveitamento nun establecemento hostaleiro ourensán entre os participantes -acta pendente de aprobación-

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

Aprobada a medida pero pendiente de execución

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Resultados previstos. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**  
Análise de resultados

**Punto débil detectado**  
Acreditación da avaliación das taxas que afectan a titulación

**Ámbito de aplicación**  
Titulación

**Responsable de su aplicación**  
Comisión de Calidade

**Objetivos específicos**  
Análise dos resultados da titulación e solicitude de máis antelación na disposición dos datos relativos ás taxas do título.

**Actuaciones a desarrollar**  
Establecemento dun calendario Reunión dos órganos competentes

**Periodo de ejecución**  
14/15

**Recursos / financiamiento**

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Sistema de garantía de calidad" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y el Sistema de Garantía Interna de Calidad (SGIC) del Centro.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Sistema de Garantía de Calidad. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):

Despois dunha valoración interna e contrastada coa área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, na que se tivo en conta a continuidade do traballo realizado no ámbito da calidade polos anteriores e o actual equipo de goberno do centro, se solicitou o 15 de decembro de 2013 a participación voluntaria do centro no Proceso de Certificación da Implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC), o que esixiu durante o curso 2013-2014 un esforzo engadido para actualizar documentos, mellorar rexistros e evidencias, apostar por unha maior transparencia na rendición de contas, mostrando na páxina web da Facultade resultados e, en definitiva, para converter a web nun repositorio sumamente útil de documentación do SGIC. Pero ademais, no informe oral provisional do equipo auditor emitido tras a visita ao centro e as entrevistas ao equipo directivo e á Comisión de Garantía da Calidade, o día 6 de maio de 2014, e tras a análise previa da documentación recollida na páxina web da Facultade, destacáronse importantes fortalezas do centro, algunha non conformidade e formuláronse unha serie de recomendacións de mellora. Aquela valoración oral foille moi útil á Facultade e ao seu SGIC, pois serviu para reflexionar en profundidade sobre a implantación do mesmo, afianzar o que se destacou que se estaba facendo correctamente (por exemplo, a xestión da calidade no que respecta ao Grao en Dereito), así como para empezar a corrixir no propio curso académico algúns dos problemas detectados polo equipo auditor (por exemplo, en relación coa necesaria maior proactividade da Comisión de Garantía da Calidade) e para tratar de paliar as non conformidades observadas (en relación cos procedementos relacionados co PDI, o PAS e a xestión de medios materiais, e en relación cun título de Máster de contidos non xurídicos coordinado por unha docente da Facultade –o Máster en Información Técnica do Medicamento- e vinculado casualmente ao centro). O informe provisional escrito e "parcialmente favorable" recibido no centro o 18 de xullo de 2014 serviu, ademais, para elaborar un informe de alegacións vinculado a un plan de accións de melloras serio e responsable en relación tanto coas non conformidades como coas



oportunidades de mellora apuntadas polo equipo auditor, á vista do cal se concedeu ao centro un prazo de seis meses para poñer en práctica o ambicioso plan de melloras e volver ser avaliado.

O SGIC do centro, deseñado conforme ao previsto ao efecto no Real Decreto 1393/2007 e ás bases do Programa Fides-Audit, aprobouse na Comisión Permanente de 22 de xuño de 2009 e ratificouse en Xunta de Centro o 24 de marzo de 2010, sendo posteriormente obxecto de diversas revisións e adaptacións en 2009, 2010 e 2012, a fin de incorporar anexos e rexistros aos procedementos estratéxicos, clave e de apoio (ou soporte) -versións Edicións 01-03-. A documentación do SGIC da Facultade de Dereito estrutúrase basicamente nun Manual de Calidade (que contén a Política e obxectivos de calidade do centro) e Procedementos estratéxicos, clave e de apoio (ou soporte), anexos aos procedementos (documentos de apoio como guías, manuais, formularios, instrucións técnicas...) e rexistros (en xeral, determinados anexos que, unha vez cumprimentados, convértense en evidencias de actividades en materia de calidade).

En 2013 iniciábase institucionalmente desde a Universidade de Vigo un Plan de mellora do funcionamento do SGIC que inclúe a revisión e actualización de toda a documentación de calidade asociada (Manual de Calidade, procedementos e formularios anexos). Algúns dos procesos deseñados inicialmente no SGIC non se adaptaban á realidade funcional de hoxe nos centros ao non considerar os cambios e melloras que se produciron (legais e normativos, organizativos, de programas de calidade ...), polo que se acometeu unha mellora dos sistemas de garantía interna de calidade dos centros, considerando criterios de simplificación operativa, eficacia e sustentabilidade. Tras a conclusión da fase de mellora do deseño do primeiro bloque de procedementos do SGIC realizado pola Área de apoio á Docencia e á Calidade da Universidade de Vigo, a Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito validou os procedementos o 11 de setembro de 2013 e aprobáronse na reunión da Xunta de Facultade celebrada o mesmo 11 de setembro de 2013. Estes procedementos revisados-mellorados implantáronse no curso 2013-2014 e substituíron a varios dos procedementos ata entón en vigor. Por tanto, a configuración da documentación do SGIC (na que constitúe a súa Edición 04), inclúe tres tipos de procedementos:

o Procedementos iniciais: Correspóndense coa versión avaliada por ACSUG en 2009 previas á fase de mellora de 2013. Edicións 01-03. Permanecerán en vigor ata que sexan substituídos polos procedementos mellorados.

o Procedementos revisados-mellorados: Xa dispoñen dunha versión resultante do proceso de mellora de 2013. Edición 04. Implantáronse no curso 2013-2014.

o Procedementos en fase de revisión: Pertencentes fundamentalmente ao bloque de xestión. Substituirán progresivamente ás edicións iniciais correspondentes. Abordaranse de forma integrada co Sistema de Calidade do ámbito de Xestión. Serán enviados aos centros para a súa aprobación.

En concreto, durante o curso 2013/2014 revisáronse, actualizáronse, aprobáronse e implantáronse os procedementos ligados a:

o Xestión dos programas formativos (DO-0101 Deseño, verificación e autorización das titulacións –substitúe ao PE03-, DO-0102 Seguimento e mellora das titulacións –substitúe aos PC01 e 02- e DO-0103 Suspensión e extinción dunha titulación –substitúe ao PA02-)

o Planificación e desenvolvemento do ensino (DO-0201 Planificación e desenvolvemento do ensino –substitúe aos PC06 e 07-, DO-0202 Promoción das titulacións –substitúe ao PC03-, DO-0203 Orientación ao alumnado –substitúe ao PC05-, DO-0204 Xestión das prácticas académicas externas –substitúe ao PC10- e DO-0205 Xestión da mobilidade –substitúe aos PC08 e 09-)

o Información pública e rendición de contas (DO-0301 Información pública e rendición de contas –substitúe ao PC13-).

No curso 2013-2014 producíronse cambios nos responsables do Sistema de Garantía da Calidade do Plan de Estudos, fundamentalmente como consecuencia de cambios producidos na composición da Comisión de Garantía da Calidade do centro, na coordinación da calidade e no propio equipo de goberno do centro. En primeiro lugar, transitoriamente, para cubrir a baixa maternal da secretaria da Facultade, que é tamén secretaria da comisión, mediante o nomeamento dunha secretaria accidental, que actuou tamén como secretaria da comisión –véxanse informes do Sr. Decano na acta da Xunta de Facultade de 31 de outubro de 2013 ata o remate da baixa o 3 de xuño de 2014-. En segundo lugar, pola necesidade de integrar na devandita comisión a dous representantes do máster universitario en Avogacía, un polo sector PDI e outro polo sector estudantes –acta da Xunta de Facultade de 24 de xaneiro de 2014-. En terceiro lugar, pola renuncia do Vicedecano de Planificación e Calidade, presidente da Comisión, ao tomar posesión a principios de maio como Vicerreitor de Campus e

a súa necesaria substitución nas tarefas do vicedecanato, da coordinación de calidade e da presidencia da comisión –transitoriamente, polo Sr. Decano e desde o 4 de xuño pola actual vicedecana (acta da Xunta de Facultade de 22 de maio de 2014), polo que foron tres as persoas que durante o pasado curso asumiron tarefas de coordinación da calidade, dificultade acrecentada pola non existencia dun PAS vinculado ao centro con competencias en materia de calidade-. E, en cuarto lugar, para materializar outros cambios precisos na composición da comisión: eliminar aos representantes dun título do centro extinguido –o Máster universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente-, substituír ao representante do sector de profesorado non permanente, realizar certos cambios na representación do alumnado de licenciatura e grao para substituír a estudantes que deixaron de ter a condición de alumno/a tras a obtención da titulación correspondente e para incluír a un egresado do Grao en Dereito, ao terminar xa a primeira promoción e estar esa praza vacante. Con todo, máis aló do cambio das persoas que representan aos distintos sectores, respectouse a composición que a Comisión debe ter, de acordo co Manual de Calidade do centro. En concreto, en representación do Grao en Dereito, hai representantes de profesorado permanente e de profesorado non permanente, de persoal de administración e servizos, de estudantes e de egresados.

Polo demais, en relación cos procedementos, documentos, anexos e evidencias, o SGIC mellorado do centro integra tales instrumentos destinados a:

1. A avaliación e mellora da calidade do ensino e do profesorado. Os resultados globais da análise de indicadores e evidencias para avaliar e mellorar a calidade do ensino, o grao de consecución dos obxectivos de calidade do centro e a súa aplicación ao grao en Dereito, a eficacia da planificación e desenvolvemento do ensino, os resultados da aprendizaxe e a medición dos resultados académicos, aconsellaron proceder á modificación do plan de estudos a fin de mellorar a secuencia temporal de formación dos estudantes, facilitar a articulación de simultaneidades coa titulación de Administración e Dirección de Empresas e incrementar a vinculación da Facultade co Campus da auga no camiño da especialización por campus impulsada pola Lei 6/2013 do SUG. A dita modificación implantarase no curso 2014-2015.

Tamén son múltiples os rexistros referidos a aspectos como o funcionamento da Comisión de Garantía da Calidade –a renovación de membros, a aprobación dun plan de traballo-, accións de mellora, plan de promoción do centro, selección e matrícula de estudantes, información pública e rendición de contas, ademais de mecanismos de control das obrigacións docentes –partes de docencia, partes de exames, procedemento para a detección de incumprimentos de titorías, aprobación, implantación e rexistro do PAT-, control do grao de satisfacción de PDI, PAS e alumnado (rexistro de evidencias do fomento de participación nas enquisas de satisfacción, rexistro e análise de enquisas de satisfacción, rexistro de queixas e suxestións recibidas e respostas emitidas), informe de resultados anuais do centro...

2. A calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade. Recóllense evidencias sobre o proceso de asignación das prácticas, a relación de titores de entidades externas ofertados, a asignación de alumnos, solicitudes das empresas, convenios colaboración celebrados... Á luz das memorias de prácticas entregadas e as incidencias detectadas en relación co desenvolvemento das prácticas, solicítase un informe ao coordinador de prácticas destacando fortalezas e debilidades detectadas tanto en relación coas prácticas realizadas como, no seu caso, co plan formativo e, no seu caso, a elaboración dunha proposta de mellora. De forma paralela, en relación cos programas de mobilidade fíxanse os obxectivos, a convocatoria, o proceso de selección, certificados de estancia e académicos e pídesse á coordinadora un informe destacando fortalezas e debilidades detectadas e, así mesmo, se o considera oportuno, unha proposta de mellora.

3. Análise da inserción laboral e da satisfacción coa formación recibida. A ACSUG non facilita aínda información sobre a inserción laboral das titulacións oficiais de grao e máster. Con todo, na Universidade de Vigo constituíuse un grupo de traballo co obxectivo de racionalizar e mellorar as metodoloxías de avaliación empregadas nas enquisas e os contidos dos cuestionarios que inclúe enquisas a egresados que pode axudar nun futuro próximo a obter datos avaliábeis

4. Análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados e de atención ás suxestións e reclamacións. Como se indicou, recóllense rexistros sobre o control do grao de satisfacción de PDI, PAS e alumnado (fomento de participación nas enquisas de satisfacción, análise de enquisas de satisfacción, análise de queixas e suxestións recibidas e respostas emitidas) e formalízase, basicamente, a través dos autoinformes de seguimento das titulacións e o informe de resultados anuais do centro.

FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):

O Sistema de Garantía da Calidade é único para todo o centro, de forma que todas as titulacións da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo réxense polo mesmo Sistema. A Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo é a máxima responsable da calidade das titulacións de Grao e Máster impartidas pola Facultade. Trátase dun

órgano colexiado aprobado pola Xunta de Facultade e funciona cun regulamento específico tamén aprobado por dita Xunta. A Comisión de Calidade do Centro está composta por:

- Membros Titulares: Decano/a Secretario/a da Comisión: Vicedecano/a de Calidade Coord. Grado en Dereito Coord. Grado en RRLL Coord. Máster en Xestión Laboral Coord. Máster en Ordenación Xurídica Coord. Máster en Menores Coord. Máster en Avogacía por Vigo Coord. Máster en Avogacía por Pontevedra Representantes da Sociedade: Decano/a de o Colexio de Avogados de Vigo Decano/a de o Colexio de Avogados de Pontevedra Representante do Área de Calidade Representante do PAS Representantes do Alumnado: Alumno/a de Grado Alumno/a de Posgrado

- Membros Suplentes

Entre as funcións da Comisión de Calidade do Centro podemos atopar: - Verificar a planificación do SGIC da Facultade, de modo que se asegure o cumprimento dos requisitos xerais do Manual de Calidade, da Política e Obxectivos de Calidade, e dos requisitos contemplados nas normativas de verificación e certificación correspondentes. - Velar pola difusión a todo o centro da Política e obxectivos de Calidade - Recibir e coordinar a formulación dos obxectivos anuais da Facultade e realizar o seguimento da súa execución. - Realizar o seguimento da eficacia dos procesos a través dos indicadores asociados aos mesmos. - Controlar a execución das accións correctivas e/ou preventivas, das actuacións derivadas da revisión do Sistema de Garantía da Calidade; das accións de resposta ás suxestións, queixas e reclamacións e, en xeral, de calquera outro proxecto ou proceso que non teña asignado especificamente un responsable para o seu seguimento. - Estudiar e aprobar a implantación das propostas de mellora do SGIC suxeridas polos restantes membros da Facultade. - Decidir a periodicidad e a duración das campañas de recollida das Enquisas de Satisfacción das Titulacións. - Ser informada dos resultados das enquisas de satisfacción e propoñer criterios para a consideración de propostas de mellora. - Planificar e supervisar a realización de accións formativas que procedan en materia de Garantía de Calidade. - Asesorar á dirección sobre o SGIC, e propoñer a aprobación de Resolucións da Xunta de Facultade. - Favorecer a participación de todos os grupos de interese no proceso de mellora da Calidade. En directa relación con estas funcións que acabamos de citar, imos realizar unha serie de apreciacións sobre o funcionamento e toma de decisións da Comisión de Calidade do Centro. O 12 de setembro de 2008, a Comisión de Garantía Interna de Calidade aprobou o Manual de Garantía Interna de Calidade e 14 procedementos, todos eles en cumprimento aos puntos establecidos no Apartado 9.

Posteriormente seguiu traballando nos restantes procedementos (12 en total). Durante o curso 2013/2014 (Acta de Comisión de Calidade de 24 de Setembro de 2013), modificáronse sustancialmente os procedementos, o que supuxo unha simplificación notable do sistema. Os procedementos adscritos á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo vixentes desde ese momento son: - Procedementos Clave: Procedementos de Xestión dos Programas Formativos.

DO-0101. Deseño, Verificación e Autorización das Titulacións. DO-0102. Seguimento e Mellora das Titulacións. DO-0103. Suspensión e Extinción de Título.

Procedementos de Planificación e Desenvolvemento dos Ensinos.

DO-0201. Planificación e Desenvolvemento dos Ensinos. DO-0202. Promoción das Titulacións. DO-0203. Orientación ao Alumnado. DO-0204. Xestión das Prácticas Académicas. DO-0205. Xestión da Mobilidade.

Procedemento de Información Pública e Rendición de Contas.

DO-0301. Información Pública e Rendición de Contas. Procedementos de anos anteriores, que se mantiveron.

PC04. Selección, admisión e matriculación. PC11. Análise da Inserción laboral. PC12. Análise e medición dos resultados académicos.

- Procedementos de Apoio:

Procedementos doutros cursos, que se mantiveron.

PA03. Satisfacción dos grupos de interese.

PA04. Xestión e Revisión de incidencias, reclamacións e suxestións.

PA05. Captación, selección e formación do PDI e do PAS.

PA06. Evaluación, recoñecemento e incentivos do PDI e PAS.

PA07. Xestión dos Recursos Materiais.

PA08. Xestión dos Servizos.

PA09. Xestión de expedientes e tramitación de títulos.

Procedementos de control dos Documentos.

XD01 P1. Control dos Documentos.

Procedementos de control dos Registros.

XD02 P1. Control dos Registros.

- Procedementos Estratéxicos: (Mantivéronse os existentes ata o momento).

PE01. Definición e Revisión da Política e Obxectivos de Calidade.

PE02. Política de PDI e PAS.

- Procedementos de Medición: (Mantívose os existentes ata o momento).

PM01. Mediación, Análise e Mellora.

Durante o curso 2013/2014 leváronse a cabo 4 reunións da Comisión de Calidade do Centro. Isto supón unha mellora respecto das dúas reunións anuais establecidas no Manual de Calidade.

Nestas reunións tratáronse diversos temas, que podemos resumir en:

- Reunión do 24 de Setembro de 2013

Aprobación dos novos procedementos de Calidade.

Aprobación da Memoria do Plan de Acción Tutorial 2012/2013.

Aprobación do Plan de Acción Tutorial 2013/2014.

Aprobación do calendario de elaboración dos Informes de Seguimento.

- Reunión do 31 de Outubro de 2013

Aprobación dos informes provisionais de Seguimento de Titulacións do centro do curso 2012/2013.

- Reunión do 25 de Abril de 2014

Aprobación do Informe definitivo de Seguimento do Grado en Dereito 2012/2013.

Aprobación do Informe Anual do Centro 2012/2013.

Aprobación dos informes de Coordinación dos grados 2012/2013.

- Reunión do 24 de Xullo de 2014

Aprobación das alegacións aos Informes provisionais de Avaliación do Seguimento Interno 2012/2013.

Pese á simplificación dos procedementos, e consecuentemente da súa aplicación, o Sistema segue resultando demasiado complexo, o que pode ter como resultado, en ocasións, unha desimplificación non consciente por parte dos axentes que forman parte do sistema.

Ao longo deste curso académico, o sistema centrouse en adaptarse aos cambios que se están sucedendo, cuns resultados moi positivos.

### **Buenas prácticas**

#### **FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):**

1. Acceso e dispoñibilidade da información exhaustiva e detallada referente ao SGIC na web do centro <http://dereito.uvigo.es/gobierno/calidade/sgic.html>. No devandito ligazón, pode atoparse información relativa á Certificación FIDES-AUDIT, políticas e obxectivos de calidade, Manual de Calidade do centro, procedementos, formularios, evidencias máis destacadas, informe de resultados anuais do centro e resultados de medición.
2. Revisión e actualización da composición da Comisión de Garantía de Calidade en Xunta de Facultade ou Comisión Permanente e difusión na web do Centro <http://dereito.uvigo.es/gobierno/organos-gobierno/comision-de-garantia-interna-de-calidade.html>
3. Análise no Informe de resultados anuais do centro dos indicadores do SGIC, os resultados das enquisas de satisfacción do grao en Dereito, queixas suxestións e felicitacións recibidas, os resultados dos obxectivos de calidade e outros obxectivos establecidos polo centro, as reflexións e resultados recollidos nos informes anuais de seguimento e os resultados de seguimento do plan de mellora. As valoracións contidas no informe recollen información sumamente relevante para ter en conta á hora de deseñar e executar os sucesivos plans anuais de mellora do centro.
4. Revisión e mellora na xestión de documentos e rexistros do SGIC, en formato electrónico ou en papel.
5. Fomento da participación de PDI, PAS e alumnado nos diversos instrumentos de avaliación e control da calidade.
6. Participación voluntaria do centro nun procedemento de auditoría externa para a certificación da implantación do SGIC. O equipo auditor emitiu un informe provisional "parcialmente favorable" destacando unha razoable implantación do SGIC no centro, o apoio da área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo e, especialmente, a implicación da Comisión de Calidade, do equipo directivo da Facultade e do seu Decano así como do intenso traballo desenvolvido polo Vicedecano de Calidade para lograr a implantación do SGIC e para coordinar a Comisión de Calidade da Facultade e evidenciando, polo menos implicitamente, a adecuada aplicación do SGIC ao Grao en Dereito, ao non porse de manifesto ningunha desconformidade relacionada coa implantación do sistema no grao.

#### **FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CAMPUS DE VIGO):**

1. Acceso e dispoñibilidade da información exhaustiva e detallada referente ao SGIC na web do centro <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/calidade/manual-de-calidade/?lang=es>
2. Revisión e actualización da composición da Comisión de Garantía de Calidade
3. Análise no Informe de resultados anuais do centro dos indicadores do SGIC, os resultados das enquisas de satisfacción do grao en Dereito, queixas suxestións e felicitacións recibidas, os resultados dos obxectivos de calidade e outros obxectivos establecidos polo centro
4. Fomento da participación de PDI, PAS e alumnado nos diversos instrumentos de avaliación e control da calidade.

### **Propuestas de mejora**

#### **FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE):**

1º.- Mantéñense as propostas de mellora de informes anteriores, tendo en conta que estas propostas identifican accións que competen á Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, en relación coas que dende o Centro só se pode rexistrar o problema, comunicalo aos órganos competentes e solicitar dos mesmos unha solución de mellora. En

concreto, proponse:

1. Terminar a elaboración definitiva e aprobar os procedementos xa revisados durante o curso 2013/14, é dicir:

- Dirección estratéxica (DE-01 Planificación estratéxica, DE-02 Seguimento e medición, e DE-03 Revisión do sistema pola Dirección)
- Xestión da Calidade e Mellora Continua (MC-02 Xestión de queixas, suxestións e felicitacións e MC-05 Satisfacción dos usuarios e das usuarias)

2. Redefinir (revisar e actualizar) os procesos relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS) integrando a dimensión institucional (tanto no ámbito de xestión como no académico) no SGIC do centro. En detalle, estas accións concréntanse en deseñar desde a área de Apoio á Docencia e á Calidade novos procedementos de administración do persoal (que anularán e substituirán os actuais PA05 e PA06) e actualizalos e implantalos na Facultade.

3. Elaborar e aprobar os procedementos do SGIC pendentes de actualizar, unha vez que sexan elaborados polos técnicos superiores de calidade da Universidade de Vigo, é dicir:

- Xestión da infraestrutura e ambiente de traballo (IA).
- Xestión de compras e avaliación dos provedores (CO).

2º.- Mais especificamente, o centro comprométese a:

1. Revisar a composición da comisión de garantía da calidade a fin de integrar aos coordinadores dos títulos adscritos ao centro.

2. Revisar o Manual de Calidade así como a Política e obxectivos de calidade do centro.

3. Aprobar un novo Plan de promoción do centro e un Plan Operativo de Información Pública e rendemento de contas dirixido a facilitar a dispoñibilidade da información actualizada do título e dos indicadores e rexistros pertinente aos diferentes axentes implicados no sistema universitario, particularmente aos estudantes, os empregadores e a sociedade en xeral a fin de asegurar unha educación superior de calidade no marco do SGIC.

3º.- Pólo demais, a xestión do SGIC segue a resultar dificultosa por dúas razóns fundamentalmente: por unha banda, a súa complexidade mesma ao entrañar excesiva burocracia; por outra banda, a carencia de persoal de administración con funcións na materia (na actualidade, o centro só dispón de bolseiros con dedicación parcial). Por elo, proponse:

- Solicitar á Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo que prosiga na tarefa emprendida de simplificación e racionalización do SGIC.

- Solicitar á Vicerreitoría competente que dote ao Centro de persoal de administración con funcións na materia.

#### FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO

- Establecer un formulario de Suxestións e Reclamacións na páxina web do centro, a disposición de todos os grupos interesados: alumnos, docentes, futuros alumnos, etc.

- Revisión dos Obxectivos de Calidade

- Seguir na liña de publicación de información da Comisión de Garantía da Calidade na web.

- A xestión do SGIC resulta dificultosa por dúas razóns fundamentalmente: por unha banda, o seu complexidade mesma ao entrañar excesiva burocracia; por outra banda, a carencia de persoal de administración con funcións na materia (na actualidade, o centro só dispón dun becario con dedicación parcial). Por esta razón, proponse:

\* Solicitar a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade que prosiga na tarefa emprendida de simplificación e racionalización do SGIC.

\* Solicitar a Vicerrectoría de Alumnado, Docencia e Calidade que dote ao Centro de persoal de administración estable con funcións na materia.

#### **Breve descripción de las modificaciones**

En concreto, durante o curso 2013/2014 revisáronse, actualizáronse, aprobáronse e implantáronse os procedementos ligados a Xestión dos programas formativos, Planificación e desenvolvemento do ensino e Información pública e rendición de contas. Con todo, estas modificacións de procedementos non esixiron a modificación da Memoria Verifica para incluír os novos procedementos mellorados na medida en que substitúen procedementos anteriores para facer o sistema máis intuitivo

e manexable e eliminar rexistros, que antes debían subirse á aplicación e agora deben conservarse en formato electrónico ou en papel, segundo os casos, durante un determinado período de tempo.

#### **Justificación de las modificaciones**

As modificacións dos procedementos foron impulsadas institucionalmente desde a Universidade de Vigo no marco dun Plan de mellora do funcionamento dos SGIC que afectará paulatinamente a toda a documentación de calidade asociada (Manual de Calidade, procedementos e formularios anexos). As modificacións xustificanse na necesidade mesma de adaptar o SGIC á actual realidade funcional dos centros e aos cambios e melloras normativas, organizativos e de calidade que se produciron desde a súa implantación, introducindo criterios de simplificación operativa, eficacia e sustentabilidade

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Elaboración dos procedementos de dirección estratéxica e xestión da calidade e mellora continua

**Punto débil detectado**

Falta de adaptación dos procedementos á realidade funcional do centro

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Técnicos Superiores de Calidade da Área de Apoio á Docencia e Calidade

**Objetivos específicos**

Rematar a elaboración definitiva e aprobar os procedementos xa revisados durante o curso 2013/14, é dicir:

. Dirección estratéxica (DE-01 Planificación estratéxica, DE-02 Seguimento e medición, e DE-03 Revisión do sistema pola Dirección)

. Xestión da Calidade e Mellora Continua (MC-02 Xestión de queixas, suxestións e felicitacións e MC-05 Satisfacción dos usuarios e das usuarias)

**Actuaciones a desarrollar**

Elaboración definitiva e aprobación dos procedementos de dirección estratéxica e de xestión de calidade e mellora continua

**Periodo de ejecución**

Primeiro cuadrimestre do curso 2015-2016

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos Área de Apoio á Docencia e Calidade

**Indicadores de ejecución**

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)



**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Redefinir procedementos do SGIC PA05 e PA06 relacionados coa xestión do persoal e integrar o PE02 nos novos procedementos de Dirección Estratéxica (DE-)

**Punto débil detectado**

Falta de integración da dimensión institucional (tanto no ámbito de xestión coma no académico) no SGIC do centro

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Área de Apoio á Docencia e á Calidade

**Objetivos específicos**

Integrar a dimensión institucional tanto no ámbito de xestión coma no académico nos procedementos do SGIC relacionados coa xestión do persoal PA05 e PA06 e integrar o PE02 (Política de PDI e PAS) nos novos procedementos que describen o proceso de Dirección Estratéxica (DE-), elaborados durante o curso 2013/14 e actualmente en fase de deseño definitivo para aprobación polos centros.

**Actuaciones a desarrollar**

Demandar á Área de Apoio á Docencia e á Calidade da Universidade de Vigo que redefina (revise e actualice) os procedementos relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS os actuais PA05 e PA06) integrando a dimensión institucional (tanto no ámbito de xestión coma no académico) no SGIC do centro e que integren o PE02 (Política de PDI e PAS) nos novos procedementos que describen o proceso de Dirección Estratéxica (DE-), elaborados durante o curso 2013/14 e actualmente en fase de deseño definitivo para aprobación polos centros.

**Periodo de ejecución**

Curso 2014-2015 e primeiro cuatrimestre do curso 2015-2016

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos Área de Apoio á Docencia e Calidade e Universidade de Vigo

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Elaborar os procedementos do SGIC pendentes de actualizar: procedementos de Xestión da infraestrutura e ambiente de traballo (IA) e de Xestión de compras e avaliación dos provedores (CO)

**Punto débil detectado**

No adaptación do procedemento do SGIC á realidade funcional actual dos centros

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Técnicos Superiores de Calidade da Área de Apoio á Docencia e Calidade

**Objetivos específicos**

Adaptar o procedementos PA07 e os seus formularios anexos á realidade funcional actual dos centros xa que as actuacións relativas aos servizos e ,en menor medida, aos recursos materiais, son xestionadas fundamentalmente polo administrador/a do centro e transcenden a maioría das veces ás competencias do centro, inseríndose no ámbito xerencial ou institucional, con participación de distintos implicados (unidade técnica, servizo de xestión económica...)

**Actuaciones a desarrollar**

Se demandará da Área de Apoio á Docencia e Calidade Universidade de Vigo que, de forma centralizada, a través dos Técnicos Superiores de Calidade da Universidade elaboren os procedementos do SGIC que substituirá ao actual PA07, pendentes aínda de actualizar. En concreto, os procedementos de Xestión da infraestrutura e ambiente de traballo (IA) e de Xestión de compras e avaliación dos provedores (CO).

**Periodo de ejecución**

Primeiro cuadrimestre do curso 2015-2016

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos Área de Apoio á docencia e calidade

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Sistema de Garantía de Calidade. Plan de mejora

**Denominación de la proposta**

Promover a revisión da composición da Comisión de garantía da calidade

**Punto débil detectado**

Os coordinadores dos títulos do centro non forman parte en calidade de tales da Comisión

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Comisión de Garantía da Calidade e Xunta de Facultade

**Objetivos específicos**

Integrar na composición da Comisión de garantía da calidade como membros natos os coordinadores dos títulos adscritos á Facultade de Dereito para que poidan subministrar información completa sobre as dificultades ou controversias que se formulen en relación co título, a súa planificación docente, a súa información, os seus indicadores... e coñezan de primeira man a opinión da CGC respecto das cuestións que nesta se debatan.

**Actuaciones a desarrollar**

Instar a modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito

**Periodo de ejecución**

Primeiro trimestre do curso 2014-2015

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos Facultade de Dereito

**Indicadores de ejecución**

A Comisión de garantía da calidade aprobou na súa reunión de 10-10-2014 instar a modificación do Regulamento de Réxime interno da Facultade de Dereito en relación coa composición da Comisión de Garantía da Calidade, solicitando que formen parte desta os coordinadores dos títulos que se imparten no centro -acta pendente de aprobación-

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

Aprobada la propuesta, pendiente de ejecución

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**  
Grado en Derecho

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Revisar o Manual de Calidade así como a Política e obxectivos de calidade do centro

**Punto débil detectado**

Os obxectivos deben ser medibles, alcanzables, estar coordinados con plans de mellora, involucrar grupos de interese e desenvolverse con plans de actuación

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Técnicos Superiores da Área de Apoio á Docencia e Calidade e, aprobado o modelo de Manual de calidade, a Comisión de garantía da calidade e o Equipo decanal do centro (aprobación)

**Objetivos específicos**

Redefinir os obxectivos de calidade existentes, as liñas de actuación e os indicadores que permitan desenvolvelos

**Actuaciones a desarrollar**

Aprobar o Manual de Calidade revisado e actualizado durante o curso 2014/15 (concretamente o anexo 4, Guía de obxectivos de calidade), de maneira que:

- establézanse os criterios e requisitos para a determinación dos obxectivos de calidade do centro, e
- baseándose nisto, redefínanse os obxectivos de calidade existentes, así como as liñas de actuación e os indicadores que permitan desenvolvelos.

**Periodo de ejecución**

Curso 2014/2015

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos Área de Apoio á Docencia e Calidade e membros CGC

**Indicadores de ejecución**

Durante o curso 2013/2014 iniciouse a revisión e actualización do manual pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo

**Observaciones**



A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Simplificación e racionalización do SGIC

**Punto débil detectado**

Excesiva complexidade e burocracia do SGIC

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Área de Apoio á Docencia e á Calidade

**Objetivos específicos**

Adaptar os procesos deseñados inicialmente no SGIC á realidade funcional de hoxe nos centros á luz dos cambios e melloras que se produciron e dentro dun Plan de mellora do funcionamento dos SGIC que inclúe a revisión e actualización de toda a documentación de calidade asociada (Manual de Calidade, procedementos e formularios anexos).

**Actuaciones a desarrollar**

Rematar a elaboración definitiva e aprobar os procedementos xa revisados durante o curso 2013/14 e elaborar e aprobar os procedementos do SGIC pendentes de actualizar

**Periodo de ejecución**

Curso 2014-2015 e primeiro cuatrimestre do curso 2015-2016

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos Área de Apoio á Docencia e Calidade e Universidade de Vigo

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Aprobación dun novo Plan de promoción do centro e un Plan Operativo de Información Pública e rendemento de contas

**Punto débil detectado**

Mellorar as actuacións de promoción do centro e das súas titulación e garantir información pública actualizada

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Comisión de Garantía Interna da Calidade e Xunta de Facultade

**Objetivos específicos**

Aprobar un novo Plan de promoción do centro e da titulación e un Plan Operativo de Información Pública e rendemento de contas dirixidos a promover o Máster e a facilitar a dispoñibilidade da información actualizada do título e dos indicadores e rexistros pertinentes aos diferentes axentes implicados no sistema universitario, particularmente aos estudantes, os empregadores e a sociedade en xeral co fin de asegurar unha educación superior de calidade no marco do SGIC.

**Actuaciones a desarrollar**

Aprobación dun novo Plan de promoción do centro e un Plan Operativo de Información Pública e rendemento de contas

**Periodo de ejecución**

Curso 2014/2015

**Recursos / financiamiento**

Recursos humanos e económicos / Facultade e Universidade de Vigo

**Indicadores de ejecución**

Proposta de Plan de promoción do centro e Proposta de Plan Operativa de Información Pública e rendemento de contas revisadas e validadas na reunión da CGC de 10-10-2014 e aprobadas en Xunta de Facultade de 17\_10-2014 -pendente de aprobación-

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

Aprobados

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

Propuesta DO0202 P1 Anexo 1\_240413 Protocolo Plan de Promoción del centro.docx

Propuesta InformacionPublica-v3.docx

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Solicitud á Reitoría dun PAS con funcións de calidade ou, no seu defecto, un bolseiro/a adscrito ao decanato con competencias en calidade

**Punto débil detectado**

Inmensa burocracia e carga de traballo en asuntos de calidade dos centros

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Dereito

**Responsable de su aplicación**

Equipo decanal e Comisión de garantía da calidade

**Objetivos específicos**

Necesidade nos centros de persoal con competencias e experiencia en materia de calidade. Na Facultade de Dereit en menos de dous mandatos de dous equipos decanais asumiron as competencias do vicedecanato de calidade cinco PDI e catro bolseiros. É preciso darlle certa continuidade ao traballo de calidade, continuidade que quedaría mellor garantida cun PAS con competencias na materia.

**Actuaciones a desarrollar**

Solicitar aos órganos de goberno da Universidade de Vigo dun PAS con competencias en calidade ou, no seu defecto, un bolseiro/a adscrito ao Decanato e con competencias en calidade con cargo ao orzamento de calidade do centro

**Periodo de ejecución**

Primeiro trimestre do curso 2014-2015

**Recursos / financiamiento**

Recursos económicos da Universidade de Vigo ou da Facultade de Dereito

**Indicadores de ejecución**

Na reunión da Comisión de Garantía da Calidade de 10-10-2014 acordouse elevar aos órganos de goberno competentes da Universidade a demanda de persoal de administración e servizos para o centro con funcións de calidade -acta pendente de aprobación-.

**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

## Calendario de Implantación. Valoración del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

No curso 2013-14 o desenvolvemento do Grao sigue o previsto na memoria, sen que se produciran cambios no cronograma de implantación previsto na Memoria vixente do título. Os estudos de Graduada/o en Dereito, pola Universidade de Vigo adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), impártense nas Facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo dende o curso académico 2009-2010 (G080 – Plan 2010) e a súa implantación definitiva produciuse no curso 2012-2013. No curso académico 2013/2014 modificouse o plan de estudos do Grao en Dereito (G081 – Plan 2014). Este plan de estudos modificado comenza a implantarse no curso académico 2014/2015. A implantación do plan de estudos modificado realizarase progresivamente segundo o cronograma preestablecido. O alumnado de novo ingreso, que acceda ao Grao en Dereito no curso académico 2014/2015, incorporárase directamente ao plan de estudos modificado (G081 – Plan 2014). O alumnado de continuación, que comenzo os estudos de Grao en Dereito no plan de estudos (G080 – Plan 2010), terá a opción de elixir entre as seguintes opcións:

\* Permanecer no plan de estudos que comezaron, tendo en conta que o primeiro curso estará extinguido (sen docencia e con dereito a exame) e segundo, terceiro e cuarto curso estarán completos (con docencia e con dereito a exame).

\* Cambiarse ao novo plan de estudos, tendo en conta que durante o curso 2014-2015 soamente se implantarán o primeiro e o segundo curso. O recoñemento de todas as materias superadas no plan antigo será automático. O cambio de plan será previo a realización da matrícula para o curso académico 2014/2015.

FACULTADE DE DEREITO (Campus de Ourense):

O procedemento de adaptación entre o título de Licenciado en Dereito (rama xeral) e o de Graduado en Dereito (G080 – Plan 2010 itinerario Dereito da Unión Europea/Dereito Xudicial) foi deseñado intentando xuntar a correspondencia lóxica entre contidos e competencias asociadas das materias dun e outro plan en consonancia coa nova filosofía derivada do sistema ECTS.



O procedemento intentou ser flexible para facilitar o cambio do alumnado ao Grao en Dereito para o cal se estableceu unha táboa de recoñecemento, que comprende non só as materias da Licenciatura en Dereito que teñen recoñecemento en materias do Grao senón tamén materias da Licenciatura que non teñen equivalencia con materias do Grao co obxecto de ser recoñecidas como créditos optativos ata completar como máximo a carga de optatividade establecida (36 créditos). Neste caso, o alumnado non poderá obter ningunha das mencións establecidas no plan de estudos do Grao en Dereito.

Na páxina web da Facultade de Dereito atópase publicada a información seguinte de forma pública, clara e facilmente accesible:

- Táboa de recoñecementos entre a Licenciatura en Dereito (titulación en proceso de extinción) e o Grao en Dereito que o substituíu. [http://dereito.uvigo.es/images/files/titulacions/grao-dereito/Tabla\\_Reconecementos\\_Licenciatura\\_Dereito\\_Plan1994\\_Grao\\_Dereito.pdf](http://dereito.uvigo.es/images/files/titulacions/grao-dereito/Tabla_Reconecementos_Licenciatura_Dereito_Plan1994_Grao_Dereito.pdf)

-Materias correspondentes á licenciatura non impartidas pero obxecto de exames, con indicación de profesorado responsable e datas e horas de exames. <http://dereito.uvigo.es/titulacions/licenciatura-en-dereito/exames-licenciatura.html>  
<http://dereito.uvigo.es/titulacions/licenciatura-en-dereito/profesorado-responsable-materias-sen-docencia-licenciatura-dereito-lic.html>

- Programas das materias con docencia ou non correspondentes á licenciatura e acceso ao impreso de solicitude de programas/guías docentes de materias: <http://dereito.uvigo.es/titulacions/licenciatura-en-dereito/programas-licenciatura.html>

- Procedemento de adaptación da Licenciatura en Dereito ao Grao en Dereito [http://dereito.uvigo.es/images/files/titulacions/grao-dereito/plan-estudios/TablaReconecementosLicenciaturaDereito\\_Plan1994\\_Grao\\_Dereito.pdf](http://dereito.uvigo.es/images/files/titulacions/grao-dereito/plan-estudios/TablaReconecementosLicenciaturaDereito_Plan1994_Grao_Dereito.pdf)

Tras a aprobación da modificación do plan de estudos do Grao en Dereito, que entra en vigor no curso 2014-2015 publícase na web da Facultade un cronograma de implantación/extinción con información relevante relativa á implantación paulatina en tres cursos do Grao en Dereito O03G081 -Plan 1 (Plan de estudios-2014), xa que os dous primeiros cursos implántanse conxuntamente no curso 2014-2015; ao mantemento/extinción paulatina do Grao en Dereito O3G080 -Plan 0 (Plan de estudios-2010) –extinguíndose curso a curso dende o 2014-2015, polo que a docencia extinguirase definitivamente no curso 2017-2018- e/ou extinción paulatina da Licenciatura en Dereito, existindo na actualidade soamente cursos con dereito a exame, pero non a docencia –no curso 2014-2015 4º e 5º e no curso 2015-2016 5º curso-. FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO.

O procedemento de adaptación entre o título de Licenciado en Dereito (rama económico-empresarial) e o de Graduado en Dereito (itinerario Dereito Privado/Dereito Público de Empresa) foi deseñado intentando xuntar a correspondencia lóxica entre contidos e competencias asociadas das materias dun e outro plan en consonancia coa nova filosofía derivada do sistema ECTS e coa especialización do campus de Vigo no ámbito do Dereito de Empresa. Deste xeito, mellórase a oferta de asignaturas optativas, que permiten unha mellor orientación do estudiantado, e a mellora da obligatoriedade e da distribución do terceiro curso do grao.

Para facilitar o cursar os estudos, contéplase unha equivalencia entre as materias da Licenciatura e as do Grao na propia Memoria do título.

Tras a aprobación da modificación do plan de estudos do Grao en Dereito, publícase na web da Facultade un cronograma de implantación/extinción con información relevante relativa á implantación paulatina en tres cursos do Grao en Dereito (G081), xa que os dous primeiros cursos implántanse conxuntamente no curso 2014-2015; ao mantemento/extinción paulatina do Grao en Dereito (G080) –extinguíndose curso a curso dende o 2014-2015, polo que a docencia extinguirase definitivamente no curso 2017-2018- e/ou extinción paulatina da Licenciatura en Dereito, existindo na actualidade soamente cursos con dereito a exame, pero non a docencia –no curso 2014-2015 4º e 5º e no curso 2015-2016 5º curso

### **Buenas prácticas**

-Disponibilidade da información referente ao calendario de implantación de forma detallada na web da Facultade de Dereito.

-Existencia dun procedemento flexible de adaptación dos estudantes provinientes de planes de estudos preexistentes, que

contempla a adaptación por materias e que inclúe a posibilidade da súa revisión e aprobación, no seu caso.

Na páxina web da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo atópase publicada a información seguinte: materias correspondentes á licenciatura non impartidas pero obxecto de exames, con indicación de profesorado responsable e datas e horas de exames.

-Implantación do Título de Grao en Dereito sen interferencias co Plan de Estudos obxecto de extinción.

-Cumprimento do compromiso adquirido no informe de seguimento correspondente ao curso 2010-2011 de publicación na páxina web dos centros das táboas de tránsito da Licenciatura en Dereito ao Grao en Dereito

## **Propuestas de mejora**

## **Breve descripción de las modificaciones**

## **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

**Adjuntar documento cumplimentado de acciones realizadas ante recomendaciones del IF e informes de seguimiento anteriores**



**Tabla de acciones ante recomendaciones 2013-2014.pdf**

Doc. 15. Acciones ante Recomendaciones GRado DErecho Facultad CC.JJ. 2013-2014.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

**Año Académico:**

2013-2014

**Adjuntar tabla cumplimentada de "Relación del SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales".**



**Táboa de relación SGIC-Segto de Títulos - Grado en Derecho - 2013-2014.pdf**

Doc. 14. Tabla de Indicadores en Relacion con el SGIC GRado Derecho Facultad CC.JJ. 2013-2014.pdf

**Evidencia de:**

Grado en Derecho

**Adjuntar tabla síntesis de acciones de mejora**



**Plan Acciones Mejora Dereito 2014.pdf**